



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



GDR2 – TERRA CHÁ



E.D.L.P. TERRA CHÁ

Documentos H e I do Anexo C

Normas para a xestión da EDLP

Memoria descriptiva dos criterios de selección

Plan de seguimento

Plan financeiro

SELECCIÓN DE ORGANIZACIÓNS CANDIDATAS A CONVERTIRSE EN ENTIDADES COLABORADORAS NA MEDIDA LEADER DE GALICIA PARA O PERIODO 2023-2027, PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ORIENTADAS Á ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES E PARA ACCIÓNS PREPARATORIAS EN APOIO DO DESEÑO DAS FUTURAS ESTRATEXIAS DE DESARROLLO LOCAL PARTICIPATIVO PARA O PERIODO DE PROGRAMACIÓN 2023-2027

Contido

<i>H. Obxectivos</i>	5
H.1. Obxectivos xerais	5
H.2. Obxectivos específicos	8
H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos.....	12
<i>I. Plan de acción</i>	13
I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación	13
I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	19
I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo	25
I.4. Plan de formación do GDR	29
I.4.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR	29
I.4.2 Plan de formación	30
I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades.....	33
I.6. Planificación temporal	41
<i>L. Normas para a xestión da estratexia de desenvolvemento local: Plan de Xestión e criterios de selección.</i>	44
L.1. Plan de Xestión.....	44
L.2. Criterios de selección de proxectos.....	57
ANEXO	75
<i>M. MEMORIA DESCRIPTIVA</i>	85
<i>N. PLAN DE SEGUIMIENTO</i>	91
<i>Ñ. PLAN FINANCEIRO</i>	94
<i>O. EQUIPO TÉCNICO</i>	95
O.1. Equipo Xestor.....	95
O.2. Medios técnicos: local e equipos informáticos.	95

Índice de táboas

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia	7
Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia	8
Táboa 3. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación.....	13
Táboa 4. Proxectos e acción específicas con impacto significativo.....	19
Táboa 5. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo ..	26
Táboa 6. Plan de formación	31
Táboa 7. Plan de cooperación e traballo en rede	34
Táboa 8. Temáticas prioritarias para os GDR coordinado polo GDR 10 Limia Arnoia.	39
Táboa 9. Temáticas prioritarias para os GDR coordinado polo GDR 13 Condado Paradanta.....	40
Táboa 10. Planificación temporal dos proxectos e actividades	41
Táboa 11. Proxectos candidatos a recibir axudas a través do GDR.....	49
Táboa 12. Axuda Bono Activa Rural	49
Táboa 13. Centros sociais que requiren melloras	53
Táboa 14. Puntuación para os criterios de selección de proxectos produtivos.....	57
Táboa 15. Metodoloxía da valoración	58
Táboa 16. Metodoloxía da valoración	59
Táboa 17. Metodoloxía da valoración	59
Táboa 18. Metodoloxía da valoración	60
Táboa 19. Metodoloxía da valoración	61
Táboa 20. Creación emprego neto.....	62
Táboa 21. Metodoloxía da valoración	63
Táboa 22. Metodoloxía da valoración	63
Táboa 23. Puntuacións obtidas.....	64
Táboa 24. Proxectos desenvoltos nos diferentes ámbitos	64
Táboa 25. Puntuación en función da tipoloxía do proxecto	65
Táboa 26. Puntuación para os proxectos non produtivos.....	66
Táboa 27. Puntuación en función das características económicas do concello.....	67
Táboa 28. Metodoloxía da valoración	68
Táboa 29. Metodoloxía da valoración	69
Táboa 30. Puntuación dos diferentes proxectos	70
Táboa 31. Metodoloxía da valoración	71
Táboa 32. Metodoloxía da valoración	71
Táboa 33. Metodoloxía da valoración	72
Táboa 34. Metodoloxía da valoración	73

Táboa 35. Metodoloxía da valoración	73
Táboa 36. Metodoloxía da valoración	74
Táboa 37. Poboación Abadín, ano 2021	75
Táboa 38. Poboación Begonte, ano 2021	76
Táboa 39. Poboación Castro de Rei, ano 2021.....	77
Táboa 40. Poboación Cospeito, ano 2021	78
Táboa 41. Poboación Xermade, ano 2021.....	79
Táboa 42. Poboación Guitiriz, ano 2021	80
Táboa 43. Poboación Muras, ano 2021	81
Táboa 44. Poboación A Pastoriza, ano 2021	82
Táboa 45. Poboación Riotorto, ano 2021.....	83
Táboa 46. Poboación Vilalba, ano 2021	84
Táboa 47. Situación xeográfica. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas	85
Táboa 48. Criterios relativos ó promotor. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas	86
Táboa 49. Criterios relativos á incidencia do emprego. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas.....	86
Táboa 50. Criterios relativos a determinadas certificacións. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas	87
Táboa 51. Proxectos que se desenvolvan en determinados ámbitos. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas.....	87
Táboa 52. En función da tipoloxía do proxecto. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas.....	88
Táboa 53. Situación xeográfica. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas	88
Táboa 54. Impacto sobre o territorio. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas	89
Táboa 55. Incidencia medioambiental. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas	89
Táboa 56. Características do promotor. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas	90
Táboa 57. Posta en valor de recursos locais. Relación entre obxectivos xerais, específicos e liñas estratéxicas.....	90
Táboa 58. Indicadores e obxectivos previstos.....	91
Táboa 59. Número de beneficiarios de axuda segundo a tipoloxía do promotor	93



Táboa 60. Cadro financeiro.....	94
---------------------------------	----

H. Obxectivos

No territorio da Terra Chá búscase mellorar a competitividade e a revalorización do produto local e do patrimonio natural, arquitectónico e cultural a través da adecuación e do fomento dos diferentes espazos e recursos naturais.

Ademais, preténdese mellorar a calidade de vida e os servizos básicos no rural, tendo en conta os diferentes grupos de idades, potenciando o coidado das persoas maiores e de persoas con discapacidades. Tamén é importante mellorar as TIC e perseguir a innovación.

O territorio da Terra Chá, a pesar de que cada vez ten máis auxe, non se caracteriza por ter un potencial turístico e, ao igual que ocorre na maior parte da provincia de Lugo, o turismo non sobresaíu ata o momento como un dos sectores potenciais para a economía da zona.

Para tratar de loitar contra o desemprego e as desigualdades salariais, perseguirase a creación de emprego, a inclusión de comunidades marxinais, o apoio a emprendedores, tanto mulleres como mozos, entre outros.

Ademais, é importante concienciar sobre o uso racional do medio ambiente, medio natural e recursos enerxéticos, o cal pode conseguirse mediante a educación ambiental e a agricultura ecolóxica, a difusión de eventos relacionados coa valorización de recursos do territorio, etc.

Neste apartado recóllense os obxectivos xerais e específicos, así como a xustificación no marco da estratexia. Para poder medir eses obxectivos débense ter en conta unha serie de indicadores que se establecen no plan de seguimento para saber se se cumpriron. Ademais, tamén se describen as liñas estratéxicas e as liñas de actuación relacionadas cos obxectivos propostos.

H.1. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais establecidos están asociados á Matriz DAFO. Dita Matriz DAFO elaborouse tendo presente a análise do contexto territorial e socioeconómico, así como a visión que teñen os distintos axentes do ámbito territorial do GDR que foron tidos en conta para a elaboración da estratexia.

Partindo das debilidades que se detectan no territorio, centradas no baixo nivel de innovación, escaso tecido empresarial, pouco turismo e o problema do envellecemento da poboación e das fortalezas como o potencial da industria agroalimentaria, medio natural ben conservado ou as oportunidades como o reclamo turístico do Camiño Norte, boas infraestruturas de comunicación, boa posición xeográfica xunto coas ameazas como a dispersión xeográfica, falta de conciliación laboral e familiar, deséñanse os seguintes obxectivos xerais:

- Obxectivo Xeral 1 → Desenvolvemento económico.
- Obxectivo Xeral 2 → Calidade de vida e servizos básicos á poboación.
- Obxectivo Xeral 3 → Sostibilidade medioambiental e territorio.
- Obxectivo Xeral 4 → Innovación e infraestruturas.
- Obxectivo Xeral 5 → Igualdade de xénero.

Co obxectivo xeral 1, Desenvolvemento económico, espérase un crecemento da economía da Terra Chá, mellorando e capacitando a zona tanto para a creación de emprego como para a mellora da contorna. Co obxectivo xeral 2, Calidade de vida e servizos básicos á poboación, o cal se atopa moi interrelacionado co obxectivo xeral 1, céntrase nunha das ameazas máis relevantes, o índice de envellecemento e as persoas maiores. Ademais, búscase a mellora da sostibilidade medioambiental e territorio (OX3), xa que a Terra Chá é un territorio agrario e o uso de enerxías renovables serve para protexer, manter e mellorar o medio rural, a saúde e o benestar dos cidadáns fronte aos riscos medioambientais; este obxectivo, ademais, incentiva as fortalezas presentes na estratexia, xa que a Terra Chá contén indicacións xeográficas protexidas, calidade na superficie forestal e potencialidade agrícola. Tamén se presenta o obxectivo Innovación e infraestruturas (OX4), xa que se considera importante a implementación das tecnoloxías para que o territorio se modernice. A igualdade de xénero, que é o quinto obxectivo, plantéase como un obxectivo xeneralizado, xa que en moitos sectores e ámbitos existen desigualdades entre homes e mulleres. Xunto con todo o comentado anteriormente, valóranse as oportunidades que se xeran ca estratexia, abarcando así o marco económico, social e medioambiental, obtendo así unha mellora no territorio da Terra Chá.

Na seguinte táboa expóñense cinco obxectivos xerais por orde xerárquico e a xustificación no marco da estratexia:

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia

OX1: Desenvolvemento económico.
Xustificación no marco da estratexia: En canto ó tecido produtivo, o número de empresas no territorio do GDR Terra Chá é de 5.817 no ano 2014 e no ano 2021 é de 5.391 empresas, o que implica unha diminución de 384 empresas nun período de 7 anos. En termos absolutos a maior diminución de empresas deuse no sector agrario, xunto con outros sectores como son a Construción, Comercio, Transporte terrestre e Servizos de comidas e bebidas. Ademais, a media da renda bruta por habitante no territorio do GDR Terra Chá queda moi lonxe da media da provincia. A perda de habitantes no territorio case se duplica fronte á media da provincia de Lugo, con perdas destacables nos concellos de Muras (48,40%), Riotorto, Xermade e Abadín. Polo tanto, é imprescindible dinamizar e impulsar a economía no territorio da Terra Chá, mellorando e profesionalizando os recursos humanos dos distintos sectores da zona, así como integrar o medio rural como unha economía competitiva e que ofrece e aporta calidade de vida á poboación. No territorio da Terra Chá existen carencias con respecto á capacitación do emprego, polo que axudar aos traballadores a adquirir as competencias que necesitan contribuirá a aumentar os postos de traballo e dinamizar os diferentes sectores. Debido á falta de emprendemento por parte da xente moza e das mulleres, é necesario localizar novas áreas para expandir novos proxectos que esperten, motiven e incentiven o seu interese.
OX2: Calidade de vida e servizos básicos á poboación.
Xustificación no marco da estratexia: Existen varias carencias que afectan á calidade de vida da poboación na Terra Chá. Para suplilas, é importante mellorar aspectos como a promoción dun sistema alimentario saudable e sostible, a cohesión social, a gobernanza do territorio e a bioeconomía. No territorio existe un alto índice de envellecemento, polo que é importante centrarse nos servizos orientados á terceira idade, persoas dependentes, etc.
OX3: Sostibilidade medioambiental e territorio.
Xustificación no marco da estratexia: As accións levadas a cabo para producir bens e servizos posúen un impacto no medio ambiente, polo que se debe fomentar en todo momento a procura dos obxectivos do GDR máis os que se propoñen nas políticas europeas (Pacto Verde, Estratexia da Granxa á Mesa, Estratexia da Biodiversidade 2030, etc.). Dende o punto de vista medioambiental débese ter en conta o uso sostible dos recursos hídricos, a economía circular e a protección e recuperación da biodiversidade, entre outros, para a mellora da Terra Chá dende un punto de vista sostible. O uso de fontes de enerxía renovables na Terra Chá serve para protexer, manter e mellorar o medio rural, a saúde e o benestar dos cidadáns fronte aos riscos medioambientais. A Terra Chá é un territorio eminentemente agrario. Nas explotacións gandeiras hai un problema de xurro, a auga ensúciase e é necesario xestionar de xeito adecuado os recursos hídricos para intentar ser sostibles na produción.
OX4: Innovación e infraestruturas.
Xustificación no marco da estratexia: As tecnoloxías dixitais son un factor fundamental para o desenvolvemento dos diferentes sectores (servizos asistenciais, etc.). No territorio do GDR aprécianse carencias con respecto á capacitación tecnolóxica do territorio, por iso é importante aproveitar os avances tecnolóxicos para dixitalizar e modernizar as empresas locais e os pequenos produtores da Terra Chá.
OX5: Igualdade de xénero.
Xustificación no marco da estratexia: Debido ás desigualdades e á brecha salarial entre homes e mulleres, a igualdade de oportunidades é indispensable para o desenvolvemento rural. Ademais, é moi escasa a representación de mulleres en órganos de decisión de empresas e cooperativas na Terra Chá. É necesario velar pola plena e efectiva participación das mulleres, así como reforzar o seu liderazgo, participación e toma de decisións en diferentes ámbitos do territorio. Isto non só mellorará a calidade de vida, senón tamén a produtividade nos diferentes sectores.

(*) "OX" refírese a "Obxectivo Xeral".

H.2. Obxectivos específicos

Na seguinte táboa aparecen quince obxectivos específicos relacionados cos cinco obxectivos xerais aos que se vincula e a xustificación no marco da estratexia. Os cinco obxectivos xerais son os que se recollen na táboa 1 e están numerados ca nomenclatura “OX” seguido do número do obxectivo.

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

OE1: Aumentar a produtividade agroforestal e os ingresos dos produtos.
<u>Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula:</u> OX1, OX2, OX3, OX4 <u>Xustificación no marco da estratexia:</u> En canto ó tecido produtivo, o número de empresas no territorio do GDR Terra Chá é de 5.817 no ano 2014 e no ano 2021 é de 5.391 empresas, o que implica unha diminución de 384 empresas nun período de 7 anos. En termos absolutos a maior diminución de empresas deuse no sector agrario, xunto con outros sectores como son a Construción, Comercio, Transporte terrestre e Servizos de comidas e bebidas. As tecnoloxías dixitais son un factor fundamental para o desenvolvemento do sector agroalimentario, por iso é importante aproveitar os avances tecnolóxicos para dixitalizar e modernizar as empresas locais e os pequenos produtores do territorio da Terra Chá para que sexan máis competitivos e aumente a produtividade. En canto ó tecido produtivo, o número de empresas no territorio do GDR Terra Chá é de 5.817 no ano 2014 e no ano 2021 é de 5.391 empresas, o que implica unha diminución de 384 empresas nun período de 7 anos. As tecnoloxías dixitais son un factor fundamental para o desenvolvemento do sector forestal e agrario, por iso é importante aproveitar os avances tecnolóxicos para dixitalizalo e modernizalo, xa que, deste xeito, aumentará a produtividade de dito sector e a integración das empresas nas cadeas de valor dos mercados. As tecnoloxías dixitais son un factor crítico para facilitar a consecución dos obxectivos de sostibilidade e desenvolvemento rural, mediante a formación da poboación e a dixitalización, a mellora e modernización das infraestruturas telecomunicacións no territorio.

OE2: Promover un turismo sostible que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX1, OX3, OX4

Xustificación no marco da estratexia:

A sensibilización e fomento do rural como innovación de destino turístico é moi importante para a próxima estratexia 2023-2027. A potenciación, revalorización e posta en valor dos recursos do territorio (natural, cultural e patrimonial), é necesaria para cumprir co obxectivo de atraer visitantes á comarca, o cal xerará emprego. Ademais, para promover un turismo sostible é crucial capacitar ós profesionais do sector.

OE3: Promover a implantación de actividades económicas no territorio.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX1

Xustificación no marco da estratexia:

A media da renda bruta por habitante no territorio do GDR Terra Chá queda moi lonxe da media da provincia. Ademais, a perda de habitantes no territorio case se duplica fronte á media da provincia de Lugo, con perdas destacables nos concellos de Muras (48,40%), Riotorto, Xermade e Abadín. Polo tanto, é importante promover e diversificar a economía do territorio.

OE4: Promover un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX2, OX3

Xustificación no marco da estratexia:

Para establecer un sistema alimentario que sexa saudable e que favoreza o medio ambiente é útil a implementación de estratexias como «Da granxa á mesa», que é unha das iniciativas clave no marco do Pacto Verde Europeo, co fin de contribuír o logro da neutralidade climática de aquí ao 2050, período no que abarca tamén a estratexia 2023-2027. O que se pretende facer é evolucionar o sistema alimentario cara un modelo sostible. Os principais obxectivos desta estratexia que se poden encaixar na comarca e se debe dar prioridade pódense encadrar tendo en conta cales son os obxectivos da UE: reducir a pegada ambiental e climática do sistema alimentario europeo e reforzar a súa resiliencia, asegurar a seguranza alimentaria encarando o cambio climático e a perda de biodiversidade ao tempo que lidera a transición global cara unha sustentabilidade competitiva da granxa á mesa.

OE5: Favorecer a cohesión social e evitar situacións de exclusión social.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX2, OX4

Xustificación no marco da estratexia:

Aínda que a inmigración nestes últimos anos no territorio do GDR aumentou de xeito significativo, non abundou para favorecer a cohesión frear a caída de poboación. Ademais, existen desigualdades laborais e salariais entre homes e mulleres. Polo tanto, é importante manter a cohesión social para favorecer a integración e a participación activa da cidadanía, tendo en conta tanto ás persoas dependentes como ás da terceira idade.

OE6: Mellora da gobernanza do territorio.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX2

Xustificación no marco da estratexia:

Para mellorar a gobernanza do territorio é necesario promover o aliñamento das estratexias do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes. Ademais, deberase promover a participación en planes estratéxicos (do medio rural, de industria...) levados a cabo no territorio.

OE7: Promoción da bioeconomía.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX1, OX2, OX3, OX4

Xustificación no marco da estratexia:

A través da bioeconomía, baseada no coñecemento e uso de recursos, procesos e métodos biolóxicos para proporcionar bens e servizos de forma sostible, e búscase fomentar as producións agrarias e forestais sostibles e os seus sectores económicos asociados, a creación de emprego e o desenvolvemento do medio rural, así como contribuír á transición ecolóxica, ó reto demográfico e á loita contra a despoboación. Isto é crucial para tratar de frear a despoboación do territorio da Terra Chá e aumentar a empregabilidade dende un punto de vista sostible.

OE8: Apoio a medidas relativas ó cambio climático.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX2, OX3

Xustificación no marco da estratexia:

As accións levadas a cabo para producir bens e servizos posúen un impacto no medio ambiente. É por iso que a procura de producir de forma sostible é cada vez máis importante para poder loitar contra o cambio climático. Por iso é importante concienciar á poboación, para que todos sexamos máis conscientes e poidamos implicarnos nesa loita.

Unha das iniciativas clave no marco do Pacto Verde Europeo ao fin de contribuír o logro da neutralidade climática de aquí ao 2050, período no que abarca tamén a estratexia 2023-2027. Para reducir a pegada de carbono é importante adoptar medidas como a prevención de incendios, etc.

OE9: Conservación, mellora e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade.

para poder loitar contra o cambio climático. Por iso é importante concienciar á poboación, para que todos sexamos máis conscientes e poidamos implicarnos nesa loita. Dentro do Pacto Verde podemos ter en conta a estratexia sobre a biodiversidade 2030. Trata de protexer a natureza e contribuír á recuperación dos ecosistemas, particularmente a biodiversidade.

A auga é un factor determinante no desenvolvemento económico e social. Tamén cumpre a función básica de manter a integridade da contorna natural. A auga é só un dos recursos naturais vitais e por iso é necesario que os temas hídricos non sexan tratados de forma illada no territorio

OE10: Protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural e arquitectónico.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX3

Xustificación no marco da estratexia:

No territorio da Terra Chá preténdese completar a oferta turística comarcal mediante a revalorización do patrimonio natural, arquitectónico e cultural a través da adecuación e fomento dos diferentes espazos e recursos naturais, como a Reserva da Biosfera Terras do Miño, entre outros.

OE11: Promover a recuperación da terra agraria, a implantación de infraestruturas, incluído solo produtivo, que potencien o desenvolvemento territorial.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX4

Xustificación no marco da estratexia:

O apoio á actividade agrícola e aos ingresos das explotacións agrarias familiares e, nomeadamente, ás mulleres agricultoras, o fomento da aplicación de prácticas agrícolas que contribúan ao mantemento dos ecosistemas e incrementen a capacidade de adaptación ao cambio climático, o fomento da xestión forestal sustentable e activa, e a loita contra a degradación e o abandono dos solos agrarios son á vez cuestións transversais presentes na lei e eixos fundamentais do Pacto verde europeo, moi especialmente da Estratexia «Da granxa á mesa» incluída nel, así como da Acción polo Clima e da nova Estratexia forestal da Unión Europea.

Existe unha tendencia á redución da S.A.U. nos concellos do GDR Terra Chá. É necesario promover diferentes medidas que potencien o desenvolvemento territorial e melloren as infraestruturas dende un punto de vista innovador e sostible.

OE12: Aumento de poboación con competencias técnicas e profesionais para acceder ó emprego e asegurar a adquisición de coñecementos necesarios para promover o desenvolvemento sostible.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX2, OX3

Xustificación no marco da estratexia:

No territorio da Terra Chá existen carencias con respecto á capacitación do emprego, polo que axudar aos traballadores a adquirir as competencias que necesitan contribuirá a aumentar os postos de traballo e dinamizar os diferentes sectores, como o turismo no medio rural. Debido á falta de emprendemento por parte da xente moza e das mulleres, é necesario localizar novas áreas para expandir novos proxectos que esperten, motiven e incentiven o seu interese.

Concienciar e formar á poboación da Terra Chá é crucial para o desenvolvemento sostible do territorio, polo que se deberán implementar medidas para favorecer a adquisición dos coñecementos necesarios para promover dito desenvolvemento.

OE13: Desenvolver a capacidade local para a creación de emprego.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX1, OX2, OX4

Xustificación no marco da estratexia:

No territorio da Terra Chá existen carencias con respecto á capacitación do emprego, polo que axudar aos traballadores a adquirir as competencias que necesitan contribuirá a aumentar os postos de traballo e dinamizar os diferentes sectores. Debido á falta de emprendemento por parte da xente moza e das mulleres, é necesario localizar novas áreas para expandir novos proxectos que esperten, motiven e incentiven o seu interese.

OE14: Promover o uso de novas tecnoloxías.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX1, OX2, OX4

Xustificación no marco da estratexia:

As tecnoloxías dixitais son un factor fundamental para o desenvolvemento dos diferentes sectores. Como xa se comentou na estratexia, vense carencias con respecto á capacitación tecnolóxica do territorio, por iso é importante aproveitar os avances tecnolóxicos e promover o seu uso para dixitalizar e modernizar as empresas locais e os pequenos produtores da Terra Chá.

OE15: Velar pola plena e efectiva participación das mulleres e igualdade de oportunidades.

Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula: OX5

Xustificación no marco da estratexia:

Aínda que é certo que na Terra Chá cada vez son máis as mulleres que procuran exercer a vida laboral, fano negativamente porque, ao igual que sucede coas pensións ou os salarios, teñen mais dificultades para a inserción laboral debido ás desigualdades laborais que actualmente marcan a comarca, e en xeral, o territorio nacional. Así mesmo, é moi escasa a representación de mulleres en órganos de decisión de empresas e cooperativas na Terra Chá.

(*)"OE" refírese a "Obxectivo Específico".

H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Os indicadores que se tomarán como referencia para determinar a consecución dos obxectivos xerais e específicos descritos nas táboas anteriores son os especificados no Plan de Seguimento.

I. Plan de acción

I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación

Na seguinte táboa recóllense sete liñas estratéxicas. Para cada liña estratéxica descríbense as medidas ou liñas de actuación necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no apartado H.

Táboa 3. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación

LE1: Dinamización do sector agrario, forestal, turístico e económico.	
Descrición	Para o aumento da produtividade e os ingresos dos produtos é necesario levar a cabo diferentes medidas de actuación orientadas ó aumento da produción dende un punto de vista sostible e innovador. Ademais, é crucial transformar e modernizar a comercialización dentro dos diferentes sectores para conseguir un desenvolvemento eficaz.
OX/OE	OX1 OE1 OE2 OE3 OE4
Medidas ou liñas de actuación	M1.1. Creación de actividades agrícolas, gandeiras ou agroforestais como actividades complementarias á actividade principal non agraria do promotor. M1.2. Promoción e difusión de feiras gastronómicas e de produto local. M1.3. Accións de valorización do produto local. M1.4. Instalacións de mellora de eficiencia enerxética e/ou emprego de fontes de enerxía renovables no sector da produción agraria primaria. M1.5. Actuacións de mellora de biodiversidade e conectividade ecolóxica de explotacións agrarias (restauración de setos, bosquetes, zonas húmidas...). M1.6. Investimentos no sector agrario primario que non sexan susceptibles de subvencionarse por outras liñas da Consellería de Medio Rural. M1.7. Investimentos en proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios. M1.8. Investimentos en produción e transformación agrogandeira en ecolóxico. M1.9. Investimentos en explotacións de razas autóctonas e outras razas de interese polo seu valor ambiental e empresarial (equino, porcino ...). M1.10. Apoio o cultivo de especies agrícolas tradicionais e á plantación de especies propias ou autóctonas. M1.11. Investimentos en creación de hertos públicos/privados para la práctica agrícola e a inclusión social e económica. M1.12. Tutorización de proxectos de mozos emprendedores que queiran vivir da actividade agrogandeira. M1.13. Creación dun banco de explotacións agrogandeiras. M1.14. Dixitalización do sector turístico. M1.15. Implantación de enerxías renovables e eficiencia enerxética nos establecementos turísticos. M1.16. Actuacións de mellora de accesibilidade nos establecementos e recursos turísticos. M1.17. Creación, ampliación e modernización de restaurantes típicos de comida galega, establecementos turísticos e empresas de turismo activo para impulsar destino turístico do territorio como referente de gastronomía, ecoturismo e benestar. M1.18. Restauración de edificacións tradicionais para usos de establecementos turísticos.



M1.19. Actuacións de creación, ampliación e modernización de museos e centros de interpretación.

M1.20. Valorización dos recursos cinexéticos.

M1.21. Apoio á obtención de distintivos de calidade no sector turístico e aumento de categoría.

M1.22. Promoción e difusión dos recursos turísticos do territorio (Camiño Norte, Camiños e rutas de interese, Reservas da Biosfera, Rede Natura 2000, LICs, Cruceiros, Igrexas, Humedais, Necroturismo, Gastronomía) para desestacionalizar e diversificar a oferta turística do territorio.

M1.23. Actuacións de recuperación e difusión de recursos turísticos de interese histórico (Restos arqueolóxicos, muíños, hórreos, arquitectura da auga ...).

M1.24. Posta en valor das tradicións no territorio (Liño, ferro ...).

M1.25. Valorización dos recursos naturais e patrimoniais e etnográficos como recurso turístico.

M1.26. Creación e ampliación de áreas recreativas, rutas e sendas.

M1.27. Implementación de SICTED en destino.

M1.28. Plan de captación de turistas da Mariña Lucense.

M1.29. Elaboración dun programa piloto de dinamización pública de visitas turísticas internas.

M1.30. Plan de promoción offline e inclusión del territorio en el circuito de termalismo de Galicia.

M1.31. Creación dun museo aberto da Terra Chá.

M1.32. Sensibilización e dinamización dos distintos actores da cadea de valor turística e adhesión a un sistema de sostibilidade turística.

M1.33. Elaboración, sinalización e homologación dunha ruta circular da Terra Chá.

M1.36. Elaboración de rutas de sendeirismo para viandantes e cicloturistas.

M1.37. Desenvolvemento de contidos dixitais para oficinas de información turística e centros de referencia turística.

M1.38. Marketing dixital e promoción on-line (web do destino).

M1.39. Proxectos encamiñados a desenvolver e diversificar os aproveitamentos e usos forestais.

M1.40. Accións de formación, capacitación e autoprotección dos traballadores no ámbito agroforestal.

M1.41. Accións formativas destinadas a emprendedores e xestores de empresas e comunidades de montes.

M1.42. Potenciar a ordenación de montes de en man común.

M1.43. Apoio ó uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía.

M1.44. Investimentos na produción de bioprodutos forestais.

M1.45. Investimentos en viveiros forestais.

M1.46. Accións encamiñadas ó fortalecemento do tecido asociativo, a elaboración de planes de xestión forestal, así como a certificación da xestión forestal sostible, trazabilidade e posta en valor dos produtos forestais ó longo do seu ciclo de produción ata o consumidor final.

M1.47. Apoio á creación, ampliación e modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos forestais, biomasa e que desenvolvan actividades non agrarias.

M1.48. Proxectos de certames, eventos ou feiras de interese para o territorio.

M1.49. Actuacións de dixitalización do comercio local.

M1.50. Valorización e potenciación da artesanía local.

M1.51. Apoio ó comercio local.

M1.52. Fomentar, dinamizar e potenciar o comercio polo miúdo e o sector servizos.

M1.53. Potenciar sistemas innovadores de comercialización.

M1.54. Investimentos en I+D+I.

M1.55. Investimentos en enerxías renovables e eficiencia enerxética nas empresas, comercios e servizos.

M1.56. Apoio ó incremento de produción de xeito sostible e a produtividade das explotacións agrarias.



	M1.57. Apoio á mellora da competitividade agraria.. M1.58. Impulso Xeodestino Terra Chá. M1.59. Apoio á creación, ampliación e modernización de empresas, comercio, servizos e actividades artesanais. M1.60. Apoio á diversificación das actividades económicas. M1.61. Apoio ó relevo xeracional nas empresas. M1.62. Promover unha economía circular (Reutilizar, reparar e reciclar).
LE2: Mellora da calidade de vida e diversificación da economía.	
Descrición	O desenvolvemento económico e social a través da promoción dos distintos sectores é necesario para xerar novas oportunidades de emprego e contribúe á fixación da poboación nas zonas rurais. Ademais, a posta en valor dos produtos e o patrimonio cultural dende un punto de vista sostible mellora a calidade de vida da poboación, así como a dixitalización e modernización dos distintos sectores.
OX/OE	OX2, OE5, OE6, OE7, OE8, OE9
Medidas ou liñas de actuación	M2.1. Fomentar unha produción alimentaria sostible. M2.2. Apoiar á transformación, comercialización e distribución sostible de alimentos. M2.3. Promover o consumo sostible de alimentos e facilitar o cambio a dietas saudables e sostibles. M2.4. Evitar o desperdicio de alimentos. Promover o seu aproveitamento. M2.5. Creación, ampliación e modernización de invernadoiros en produción ecolóxica. M2.6. Empresas transformadoras de produto ecolóxico. M2.7. Fomento de consumo de produto ecolóxico e de cercanías. M2.8. Apoio a mercados de produto local. M2.9. Proxecto de EcoComedores. M2.10. Promoción e sensibilización de consumo saudable e sostible entre a poboación. M2.11. Actuacións de aproveitamento de excesos de produción e subprodutos. M2.12. Favorecer a eliminación de barreiras arquitectónicas, especialmente para persoas con discapacidade ou dependentes. M2.13. Fomento de atención á dependencia e coidados das persoas maiores e persoas con discapacidade. M2.14. Fomento de actividades culturais e as súas infraestruturas. M2.15. Fomentar a integración da poboación inmigrante, comunidades marxinais e apoio ós colectivos desfavorecidos. M2.16. Adquisición e adecuación de vehículos de transporte de prestación de servizos sociais básicos para atención a persoas maiores, dependentes ou persoas con mobilidade reducida. M2.17. Proxectos non produtivos de creación mellora ou ampliación de servizos para a poboación. M2.18. Adquisición de mobiliario urbano para infraestruturas. M2.19. Investimentos en infraestruturas de lecer. M2.20. Investimentos en actuacións, instalacións e equipamentos para a poboación infantil e xuventude. M2.21. Fomento de uso de vivenda de emerxencia social. M2.22. Fomento do deporte. M2.23. Creación de proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado de persoas maiores, a promoción dun envellecemento activo e saudable. M2.24. Fomento da colaboración entre os distintos axentes sociais do territorio. M2.25. Impulso da participación cidadá na elaboración de instrumentos de desenvolvemento territorial.



	M2.26. Impulsar a participación privada na elaboración de instrumentos de xestión do territorio. M2.27. Investimentos en activos físicos encamiñados á mellora da prestación dos servizos asociativos. M2.28. Creación, acondicionamento e equipamento de centros sociais ou culturais. M2.29. Rehabilitación e acondicionamento de edificacións tradicionais para uso de centro social ou cultural. M2.30. Fomento da participación de axentes sociais na elaboración de plans de desenvolvemento do territorio. M2.31. Fomento da economía circular.
LE3: Mellora medioambiental do contorno rural.	
Descrición	As zonas rurais desempeñan un papel fundamental na conservación do medioambiente e na mitigación do cambio climático mediante o uso eficiente dos recursos e a implementación de modelos sostibles (agrarios, forestais...). Ademais, a educación ambiental promove a responsabilidade cívica, o desenvolvemento rural e a conservación do medio.
OX/OE	OX3 OE8, OE9, OE10 OE11.
Medidas ou liñas de actuación	M3.1. Apoio á gobernanza da auga e da xestión integral dos recursos hídricos. M3.2. Promoción de embalaxes sostibles e responsables. M3.3. Recuperación de paisaxes rurais tradicionais. M3.4. Dotación de infraestruturas sinxelas de tratamento de augas residuais. M3.5. Actuacións de aproveitamento de residuos alimentarios. M3.6. Creación de infraestruturas de educación ambiental, aulas da natureza, itinerarios interpretativos, centro de educación e interpretación ambiental. M3.7. Accións de comunicación, investigación, innovación e educación ambiental. M3.8. Accións de formación e sensibilización ambiental. M3.9. Investimentos ligados a aldeas intelixentes. M3.10. Mantemento, recuperación e rehabilitación das paisaxes rurais e zonas de alto valor natural (Rede Natura 2000, Reservas da Biosfera, LICs, Especies protexidas). M3.11. Actuacións de fomento de turismo ornitolóxico. M3.12. Adecuación e rehabilitación de edificacións tradicionais para actividades económicas, sociais e culturais. M3.13. Investimentos en instalacións de enerxías renovables e de eficiencia enerxética. M3.14. Apoio á xestión integral dos residuos. M3.15. Apoio a actuacións dirixidas á redución de emisións de gases efecto invernadoiro. M3.16. Apoio á recuperación e conservación da biodiversidade. M3.17. Conservación e desenvolvemento sostible das áreas protexidas. M3.18. Fomento do uso sostible dos recursos naturais. M3.19. Prevención de incendios. M3.20. Apoio a actuacións de mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio histórico, cultural e natural. M3.21. Fomento de rehabilitación de edificacións rurais tradicionais. M3.22. Fomento de instrumentos de posta en valor dos terreos agroforestais e do uso eficiente do solo. Aldeas modelo e as súas actuacións. M3.23. Impulso de polígonos agroforestais e permuta de terras agrarias. M3.24. Localización de zonas susceptibles de aplicación de instrumentos da Lei de Recuperación do solo de Galicia.



LE4: Capacitación da poboación e creación de emprego.	
Descrición	Dotar ós cidadáns de ingresos dignos e de medios de vida sostibles é fundamental para mellorar a calidade de vida e o desenvolvemento rural. É necesario capacitar tanto a desempregados como a empregados na súa formación técnica e profesional. Tamén é importante dixitalizar e modernizar os distintos sectores dende un punto de vista innovador e sostible. Ademais, o apoio a colectivos en risco de exclusión é crucial para favorecer un desenvolvemento efectivo na comunidade.
OX/OE	OX4 OE7 OE12 OE13 OE14
Medidas ou liñas de actuación	M4.1. Capacitar a desempregados e empregados na súa formación técnica e profesional. M4.2. Fomento de formación profesional acorde á actividade económica do territorio rural e da capacitación dos habitantes de cada municipio. M4.3. Elevar o nivel de formación, capacidade de innovación e emprendemento. M4.4. Difusión da estratexia e do LEADER 2023-2027. M4.5. Creación, ampliación e modernización de empresas de formación. M4.6. Apoio a programas para colectivos con difícil inserción laboral e colectivos desfavorecidos para elevar o nivel de formación, capacidade de innovación e emprendemento. M4.7. Difusión da estratexia e do LEADER 2023-2027. M4.8. Creación, ampliación e modernización de empresas de formación. M4.9. Promover procesos de educación e sensibilización. M4.10. Apoio ó emprendemento, autoemprego, emprego de calidade e empresas creadoras de emprego. M4.11. Favorecer o emprego de colectivos desfavorecidos. M4.12. Bono Activa Rural.
LE5: Potenciación das enerxías limpas e renovables.	
Descrición	O uso de enerxía renovable é indispensable para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e outros contaminantes que contribúen ó cambio climático. Ademais, ó reducir a contaminación tamén mellora a calidade do aire. Co seu uso, consérvanse os recursos naturais non renovables e contribúese á estabilización da economía.
OX/OE	OX3 OE10 OE11
Medidas ou liñas de actuación	M5.1. Favorecer actuacións de eficiencia enerxética e uso de fontes de enerxía renovables. M5.2. Proxectos de mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e da comunicación. (Telecentros, Aulas de informática plataforma dixitais de servizos á poboación en xeral, o uso do “internet das cousas”, proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas. M5.3. Investimentos en instalacións de fontes de enerxía renovable. M5.4. Investimentos na mellora da eficiencia enerxética. Impulsar o cambio cara unha mobilidade sostible e intelixente. M5.5. Promover a construción e renovación de edificios de xeito eficiente no uso da enerxía e os recursos. Actuacións de sensibilización e información respecto do uso de enerxías alternativas para a redución de emisións de carbono.



LE6: Transformación dixital e mellora das infraestruturas.	
Descrición	A dixitalización no rural desempeña un papel crucial para a reactivación económica nos diferentes sectores. Grazas a elas, pódense optimizar os recursos e axilizarse os procesos produtivos. Ademais, a mellora da produtividade vese favorecida coa mellora das infraestruturas.
OX/OE	OX4, OE7 OE12 OE13 OE14
Medidas ou liñas de actuación	M6.1. Apoio a empresas que innoven para crear valor engadido ós seus produtos. M6.2. Impulsar novas tecnoloxías no medio rural. M6.3. Favorecer o acceso ós servizos básicos dende os núcleos rurais máis illados. M6.4. Facilitar o acceso ós servizos telemáticos. M6.5. Apoio á inversión en I+D+I. M6.6. Fomento de actuación de creación, modernización e mellora de infraestruturas que incidan na creación e mantemento de emprego. M6.7. Promocionar actuacións de transferencia de coñecemento a través de proxectos de cooperación. M6.8. Creación de viveiro de empresas. M6.9. Investimentos encamiñados á mellora, ampliación ou creación de equipamentos relacionados co acceso a internet e TICs. M6.10. Favorecer a implantación de actividades que non teñan presenza no territorio. M6.11. Impulsar solucións de transporte para zonas de baixa demanda. M6.12. Impulsar os servizos electrónicos. M6.13. Apoio ó teletraballo e mellora dos servizos no rural.
LE7: Igualdade de oportunidades.	
Descrición	A igualdade de xénero é un dereito humano fundamental e é esencial para conseguir sociedades capaces de desenvolverse de forma sostible. Mediante a participación activa das mulleres dinamízase o emprego, favorecendo o crecemento económico, e a produtividade aumentará de xeito significativo. Ademais, coa eliminación das desigualdades de xénero contribúese á mellora da calidade de vida no rural.
OX/OE	OX5, OE15
Medidas ou liñas de actuación	M7.1. Fomentar actuacións dirixidas a mulleres que reforcen o seu liderazgo e participación en espazos de toma de decisión. M7.2. Potenciar o acceso das mulleres ós recursos económicos. M7.3. Visibilizar e poñer en valor os distintos programas, recursos e materiais que se xeren en materia de igualdade. M7.4. Formar e sensibilizar en Igualdade e prevención de violencia. M7.5. Concienciar á poboación sobre a importancia e necesidade da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. M7.6. Xornadas de concienciación e reflexión sobre igualdade. M7.7. Exaltar a figura feminina na representación de proxectos rurais. M7.8. Publicación das mulleres rurais do territorio para empoderar a súa figura, en ámbitos como medicina, historia, cultura, arquitectura...

(*) "LE" refírese a "liña estratéxica". "OX" refírese a "obxectivo xeral" e "OE" refírese a "obxectivo específico".

I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

Na táboa que figura a continuación indícanse os posibles proxectos e outras posibles accións específicas que o GDR vai desenvolver ou impulsar, que considera máis relevantes, con impacto significativo nos obxectivos (apartado H) e liñas estratéxicas (epígrafe I.1).

Recolleranse os proxectos a financiar e tamén as actividades a desenvolver directamente polo GDR con impacto significativo (nomeadamente, actuacións de animación e actividades de formación e cooperación).

Estes posibles proxectos son froito dunha reflexión e aportación de ideas por promotores privados nas que se identifican posibles actuacións e intervencións necesarias para o desenvolvemento local do territorio do GDR.

Táboa 4. Proxectos e acción específicas con impacto significativo

P1: Rede Eco-comedores	
OX/OE ao que responde	OX1 OX2 OX3 OX4 OE1 OE2 OE3 OE4 OE5 OE6 OE7 OE8 OE9 OE10 OE11 OE12 OE13 OE14
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 LE2 LE4 LE5
Tipo de proxecto ou acción (*)	C
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non produtivo (cooperación).
Descrición	O proxecto pretende impulsar a incorporación de centros educativos ou outro tipo de centros comunitarios nunha nova “Rede”, que se chamará Rede Eco-Comedores, de xeito que inclúan nos seus menús produto local, de tempada e/ou ecolóxico, favorecendo así unha alimentación saudable e a sostibilidade medioambiental.



P2. No rural (Recuperación de terras agrarias).	
OX/OE ao que responde	OX1 OX3 OE1 OE2 OE3 OE4 OE8 OE9 OE10 OE11
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 LE3
Tipo de proxecto ou acción (*)	C
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non produtivo (cooperación).
Descrición	Trátase de un proxecto de Cooperación entre varios GDRs do territorio de Galicia. O obxectivo principal do proxecto é apoiar e asesorar a agricultores en activo e potenciais na procura de terras. Usaranse os instrumentos que permite a Lei de recuperación de terra agraria de 2021. Existe no territorio unha demanda de base territorial por parte das explotacións agrogandeiras e de novos emprendedores, e ó mesmo tempo existe terra agraria abandonada de moi boa aptitude produtiva. Búscase loitar contra o abandono e o uso erróneo das terras, tratando de facelas produtivas e, ao mesmo tempo, de anticiparse aos incendios, contribuíndo a frear o problema da despoboamento e a mellora da calidade de vida no rural.
P3. Adquisición de microbús híbrido adaptado para dependentes.	
OX/OE ao que responde	OX1 OX6 OE1 OE2 OE3 OE4 OE7 OE12 OE13 OE14
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 LE6
Tipo de proxecto ou acción (*)	P
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non produtivo
Descrición	O proxecto consiste na adquisición por parte dunha asociación dun microbús híbrido adaptado para o transporte de persoas dependentes e discapacitados con mobilidade reducida.



P4. Creación área de autocaravanas.	
OX/OE ao que responde	OX1 OX2 OX4 OX6 OE1 OE2 OE3 OE4 OE5 OE6 OE7 OE8 OE9 OE12 OE13 OE14
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 LE2 LE4 LE6
Tipo de proxecto ou acción (*)	P
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non Produtivo.
Descrición	Este proxecto pretende aumentar o turismo e favorecer o crecemento da economía. Unha infraestrutura deste estilo pode aportar moitas vantaxes á contorna, como a dinamización das zonas rurais, a promoción de áreas descoñecidas, a potenciación do comercio local, etc.
P5. Capacitación de manexo de maquinaria agroforestal e industrial, formación de uso e riscos da maquinaria.	
OX/OE ao que responde	OX1 OX4 OX5 OX6 OE1 OE2 OE3 OE4 OE7 OE12 OE13 OE14 OE15
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 LE4 LE6 LE7
Tipo de proxecto ou acción (*)	F
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non produtivo
Descrición	A Terra Chá é un territorio eminentemente agrícola. Debido á importancia do sector agroforestal e industrial, é crucial capacitar á poboación no manexo de maquinaria para que a poboación adquira nocións sobre a súa utilización e os seus riscos.

P6. Centro de transformación e comercialización de produtos ecolóxicos.	
OX/OE ao que responde	OX1 OX3 OX4 OE1 OE2 OE3 OE4 OE7 OE8 OE9 OE10 OE11 OE12 OE13 OE14
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 LE3 LE4
Tipo de proxecto ou acción (*)	P
Produtivo/ Non produtivo (**)	Produtivo
Descrición	Con este proxecto conseguirase o almacenamento e a xeración de novos produtos ecolóxicos, servindo como dinamizador da zona e exemplo para outros produtores. Conseguirase ademais, engadir valor ós produtos ecolóxicos, facilitando así a súa comercialización e o seu aproveitamento.
P7. Formación no uso das novas tecnoloxías: firma electrónica e almacenamento de datos na nube.	
OX/OE ao que responde	OX6 OE7 OE12 OE13 OE14
Liña estratéxica na que se enmarca	LE6
Tipo de proxecto ou acción (*)	F
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non produtivo
Descrición	No territorio do GDR existen carencias con respecto á capacitación tecnolóxica dos traballadores. Mediante as tecnoloxías dixitais conseguirase a automatización dos procesos e o aumento da produtividade. Neste caso, os coñecementos relacionados ca firma electrónica e o almacenamento de datos na nube permitirá ós traballadores firmar documentos dende calquera parte sen necesidade de desprazarse, aforrando tempo e, ademais, o almacenamento de datos de forma dixital reducirá os custos en infraestruturas, aforrando espazo físico, facilitará o traballo colaborativo e aumentará a seguridade.



P8. Desenvolvemento de contidos dixitais para difundir a Terra Chá en oficinas turísticas.	
OX/OE ao que responde	OX1 OX2 OX3 OX4 OX5 OX6 OE1 OE2 OE3 OE4 OE5 OE6 OE7 OE8 OE9 OE19 OE11 OE12 OE13 OE14 OE15
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 LE2 LE3 LE4 LE6 LE7
Tipo de proxecto ou acción (*)	A
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non produtivo
Descrición	Con este proxecto preténdese difundir o patrimonio cultural, artístico e arquitectónico da Terra Chá, promocionando e visibilizando as múltiples zonas de interese turístico. Como se busca difundilo de forma dixital, o alcance poderá ser maior.
P9. Creación empresa de turismo activo	
OX/OE ao que responde	OX1 OX2 OX3 OX4 OX5 OX6 OE1 OE2 OE3 OE4 OE5 OE6 OE7 OE8 OE9 OE19 OE11 OE12 OE13 OE14 OE15
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 LE2 LE3 LE4 LE6 LE7
Tipo de proxecto ou acción (*)	P
Produtivo/ Non produtivo (**)	Produtivo.
Descrición	Son consideradas empresas de turismo activo aquelas dedicadas a proporcionar actividades turísticas de recreo, deportivas e de aventura que se practican grazas aos recursos que ofrece a propia natureza no medio no que se desenvolven. O turismo activo é unha alternativa ao modelo turístico tradicional, xa que contribúe á protección e á conservación do medio ambiente, á xeración de infraestruturas, á creación de emprego e á dinamización da economía en zonas máis afastadas. As alternativas de turismo activo ofrecen ós visitantes opcións para poder aumentar o período de estadía no territorio

P10. Casa da Auga.	
OX/OE ao que responde	OX1, OX2, OX3, OX4, OE1, OE2, OE3, OE4, OE5, OE6, OE7, OE8, OE9, OE10, OE11, OE12, OE13, OE14
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1, LE2, LE3, LE4, LE6
Tipo de proxecto ou acción (*)	P
Produtivo/ Non produtivo (**)	Produtivo.
Descrición	Este proxecto ten por obxectivo a rehabilitación dun vello muíño no concello da Pastoriza, destinando a actividade de restauración.
P11. Feira do emprego no rural.	
OX/OE ao que responde	OX1 OX2 OX5 OE1 OE2 OE3 OE5 OE12 OE13 OE15
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1, LE2, LE4, LE7
Tipo de proxecto ou acción (*)	A
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non produtivo.
Descrición	Consiste na celebración dunha feira de emprego no territorio do GDR, na que se ofrezan postos de traballo por parte dos empresarios ós distintos demandantes de emprego.

P12. Xornadas para difundir a Lei de recuperación de terra agraria e animar o uso dos instrumentos contidos nela (polígonos agroforestais, permutas de terra...).													
OX/OE ao que responde	OE1 OE2 OE3 OE4 OE5 OE6 OE7 OE8 OE9 OE10 OE11 OE12 OE13 OE14 OE23 OE24												
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1, LE2, LE3, LE4, LE5, LE7												
Tipo de proxecto ou acción (*)	A												
Produtivo/ Non produtivo (**)	Non produtivo												
Descrición	Realizar unhas xornadas da Lei de recuperación de terra agraria, que consistirán nunha explicación da Lei con visitas a zonas de Galicia nas que xa teñan implantado algún instrumento incluída na Lei de recuperación agraria.												

(*) Proxecto a financiar (P); Actuación de animación propia (A); Actividade formativa (F); Actividade de cooperación (C); Outras accións específicas (O).

(**) No caso de proxectos a financiar (P) indícase o seu carácter Produtivo/Non Produtivo.

I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo

Na seguinte táboa recóllense doce posibles actuacións propias de animación a realizar polo grupo, así como o contido das actividades previstas. As actividades realizaranse en función das dispoñibilidades orzamentarias do GDR e en función das necesidades. Poderase, polo tanto, realizar outras actividades distintas ás reflexadas a continuación e que sexan acordes ós obxectivos do GDR.

Táboa 5. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

	Actuación	Contido das actividades previstas
A1	Promoción e difusión do Leader 2023-2027	Realizaranse actividades de difusión das distintas convocatorias de axudas e publicidade dos proxectos subvencionados polo LEADER, a través de distintos medios: periódicos, radio, redes sociais, web, publicacións, calendarios...
A2	Desenvolvemento de contidos dixitais para difundir a Terra Chá en oficinas turísticas.	Elaboración dun produto audiovisual dirixido a súa exposición nas Oficinas de Información Turística e centros potenciais de divulgación e outro sobre gastronomía local, promocionando o uso de produtos propios do territorio, así como una guía de centros de hostalería onde se comercialice o produto elaborado. Elaboración dun produto iterativo a modo de receitairo a modo de visita virtual das diferentes festas e feiras de difusión da gastronomía e dos produtos autóctonos do territorio.
A3	Implementación de SICTED en destino	Desenvolvemento dos traballos esixidos para a implantación do SICTED, que é o Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos. É un programa creado pola Secretaría de Estado de Turismo, que ten como finalidade a xestión integral e permanente da calidade nun destino turístico, durante os tres primeiros anos que permitirá a obtención nos anos seguintes de dita certificación, aliñada cos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU e os requirimentos do Consello Global de Turismo Sostible (GSTC).
A4	Elaboración dunha ruta circular da Terra Chá	Realizarase a planificación dunha ruta de sendeirismo circular cun tramo que albergue todo o territorio de actuación da Terra Chá, identificando os diferentes puntos de interese turístico.



A5	Xornadas da muller da Terra Chá: pasado, presente e futuro.	Faranse unhas xornadas visibilizando o papel das mulleres no territorio do GDR, exaltando mulleres representativas do pasado e presente e facendo unha reflexión sobre o futuro das mulleres no rural. Estas xornadas incluírán varias mesas redondas para tratar as distintas problemáticas: Mesa redonda mulleres coidadoras, mesa redonda da muller no rural, mesa redonda da representación da muller nos órganos decisorios de empresas e asociacións.... Estas xornadas pódense acompañar dunha viaxe de acordo coa temática da xornada. Estas xornadas buscan animar ás mulleres a súa participación nas decisións do territorio.
A6	Xornadas destinadas o sector agrario para sensibilizar a transición a ecolóxica.	A transición ecolóxica é un proceso de transformación social co obxectivo de avanzar cara a un modelo de desenvolvemento sostible, sendo a transición enerxética para a mitigación do cambio climático unha parte fundamental da súa folla de ruta, sen obviar a vinculación ao desenvolvemento rural e á preservación dos servizos ecosistémicos esenciais para o benestar e a saúde humanas como a auga, o chan, os bosques, os océanos, a paisaxe, a cultura e a biodiversidade. Polo que se realizarán xornadas de concienciación e reflexión ecolóxica para a poboación activa no sector agrario, reunións sobre como mellorar o produto local en base a necesidade do mercado e como inflúe iso no día a día da poboación.
A7	Inventario de recursos naturais e patrimoniais (visitables).	Realización de inventario de recursos naturais e patrimoniais da zona, coa fin de poder difundilo entre a poboación e sector turístico e facilitar así a súa visita.



A8	Elaboración dun programa piloto de dinamización pública de visitas turísticas internas.	Deseño e implementación dun programa de visitas turísticas a las diferentes localidades da comarca polos propios habitantes do GDR, xa que moitas veces os propios habitantes do territorio descoñecen os lugares de interese turístico da súa zona. O programa enfócase en dinamizar o turismo interno e a súa vez de dar valor e promocionar as zonas do propio territorio. Realizando excursións polas diferentes localidades, incrementando a súa mobilidade interna e a súa economía.
A9	Xornadas para difundir a Lei de recuperación de terra agraria e animar o uso dos instrumentos contidos nela (polígonos agroforestais, permutas de terra...).	Realizar unhas xornadas sobre a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia, que consistiran nunha explicación da Lei con visitas a zonas de Galicia nas que xa teñan implantado algún instrumento incluído na Lei de recuperación agraria
A10	Xornada para fomentar o uso razoable da auga nas explotacións e nas empresas.	Realizaranse actividades de concienciación da importancia do uso da auga na agricultura. Estableceranse algunhas iniciativas para aumentar a eficiencia do consumo da auga con fines agrícolas, como son a instalación de tecnoloxías dentro das explotacións agrícolas, como sensores de humidade do solo, destinadas á mellora da xestión do solo e auga, uso de sementes melloradas, polo que resulta de interese realizar visitas a granxas máis modernas e ecosostíbles.
A11	Viaxe, presenza en feiras e eventos.	Organización de excursións de grupos heteroxéneos a diferentes feiras de interese, por exemplo Feiras de Denominación de Orixe, ECOSUS, etc.
A12	Catalogación de todas as festas do territorio do GDR e difundilas nas redes sociais.	Elaboración dun catálogo de todas as festas do territorio do GDR, a través dun formato audiovisual, utilizando diferentes tipos de redes sociais como son Facebook, Twitter, Instagram, Google + entre outras.

I.4. Plan de formación do GDR

Neste apartado recóllese o plan de formación coa planificación dos cursos, facendo unha análise do mercado laboral do territorio e identificando os sectores aos que se dirixirán as actividades formativas, así como os requisitos mínimos para a selección do persoal formador e do alumnado.

I.4.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR

Tanto o nivel de instrución, a calidade de vida e o mercado laboral sufriron variacións duns anos a outros debido as ameazas e a situacións alleas á comarca e que afectaron en xeral non só á comarca (como a crise económica do 2008 ou o Covid-19 no ano 2020).

No territorio do GDR obsérvanse diversas carencias ou necesidades de formación detectadas a raíz da análise e diagnóstico realizado no apartado B da estratexia e no proceso participativo.

Por un lado, na Terra Chá preténdese mellorar a competitividade e a revalorización do produto local e do patrimonio natural, arquitectónico e cultural a través da adecuación e fomento dos diferentes espazos e recursos naturais, por iso é importante destinar unha serie de actividades formativas orientadas á mellora da contorna e ó sector turístico. Deste modo conseguírase que o turismo aumente, atraendo máis xente, o cal contribuirá á mellora do comercio e ao aumento da calidade de vida.

Ademais, no territorio do GDR existen carencias relacionadas coa capacitación tecnolóxica, polo que é importante deseñar actividades formativas que suplan dita carencia e formen á poboación, xa que grazas aos recursos dixitais é posible aumentar a produtividade e a eficacia dos procesos. Ademais, a innovación ten un papel clave, xa que se poden xerar produtos, servizos que melloren a eficiencia do uso dos recursos e a redución da xeración de residuos.

O territorio do GDR é un territorio eminentemente agrario. Nel existe un importante número de explotacións gandeiras con necesidade de man de obra. Atópanse con dificultades para atopar persoal formado, con dificultades para atender maquinarias cada vez mais tecnolóxicas e que requiren coñecementos específicos. Atópase aquí entón, un sector ó que dirixir a posible formación a realizar polo GDR. Ademais, e

aparellado ó sector agrario, as empresas de servizos agrarios e forestais tamén necesitan persoal formado, sobre todo no manexo da maquinaria.

O sector turístico, tamén é un sector que manifesta ter dificultades para atopar traballadores capacitados, polo que tamén será un sector ó que dirixir a formación. Os traballadores turísticos necesitan formación que facilite a atención ó turista, podendo promocionar, ademais dos servizos que son propios, información dos recursos turísticos do territorio.

Debido á existencia de unha poboación embelecida no territorio, outro dos sectores con gran necesidade de traballadores é a prestación de servizos e coidados á poboación dependente. Este sector emprega maioritariamente mulleres e faise necesaria unha formación que facilite as súas tarefas, dun xeito mais seguro e cómodo para os traballadores e usuarios.

A industria da transformación agroalimentaria, emprega no territorio a un importante número de traballadores. É un nicho de traballo, no que se necesita tamén a formación respecto de seguridade alimentaria, manexo de máquinas e outros.

De xeito común, e que abarca a tódolos traballadores detéctanse carencias relacionadas coa capacitación tecnolóxica, polo que é importante deseñar actividades formativas que mitiguen dita carencia e formen a poboación, con formación básica por exemplo en manexo de sinatura dixital, almacenamento na nube.... Tamén se considera necesario traballar dun xeito seguro e sen riscos en calquera sector do que falemos, polo que formación neste eido tamén é importante.

Intentarase por parte do GDR, impartir formación que acredite a capacitación dos asistentes ós cursos de formación

A formación a impartir decidirase en función dos recursos dispoñibles por parte do GDR.

I.4.2 Plan de formación

Na seguinte táboa aparece o plan de formación. Nel recóllense posibles actividades formativas a realizar polo GDR clasificadas en función do sector ao que pertence. Así mesmo, tamén aparece a xustificación de cada actividade, o formato, a duración e os requisitos tanto do alumnado como do persoal formador.

Táboa 6. Plan de formación

SECTOR: AGROFORESTAL E INDUSTRIAL	
Actividade formativa: F1. Capacitación de manexo de maquinaria agroforestal e industrial.	
Xustificación	É crucial capacitar aos profesionais no manexo de maquinaria para o desenvolvemento do sector agroforestal e industrial. Polo tanto, este tipo de formación está orientada a aquelas persoas que se desenvolvan no sector agrícola e/ou forestal ou industrial e que empreguen de maneira frecuente u ocasional as máquinas e equipos deseñados para traballar neste ámbito.
Actividade formativa: F2. Formación de uso e de riscos de maquinaria do sector forestal.	
Xustificación	O sector forestal é moi importante na Terra Chá, polo que se debe formar tanto na utilización de maquinaria como nos riscos. Polo tanto, este tipo de formación está orientada a aquelas persoas que se desenvolvan no sector forestal e empreguen de maneira frecuente u ocasional as máquinas e equipos deseñados para traballar neste ámbito.
SECTOR: TURÍSTICO	
Actividade formativa: F3. Formación ó sector turístico: Información Turística local ó visitante.	
Xustificación	Con esta actividade formativa búscase a capacitación de profesionais que logren desenvolverse neste campo laboral para o desenvolvemento do sector turístico e sexan capaces de promocionar e comercializar destinos turísticos locais, seleccionar, almacenar e procesar información, programar e controlar as actividades dun centro de información turística de interese sobre a contorna local, etc.
SECTOR: AGROALIMENTARIO	
Actividade formativa: F4. Formación na transformación agroalimentaria.	
Xustificación	Debido á importancia do sector agroalimentario na Terra Chá, para impulsar e aumentar a produtividade de dito sector, é importante facilitar á poboación coñecementos relacionados co: control riscos alimentarios, normas de calidade alimentaria, manexo de maquinaria e manipulación de produtos químicos.



SECTOR: SERVICIOS	
Actividade formativa: F5. Mobilización de pacientes de forma ergonómica.	
Xustificación	En ocasións, durante as tarefas asistenciais ou sanitarias, os profesionais realizan mobilizacións en condicións non seguras, a maioría das veces debidas a faltas de formación en técnicas seguras de mobilización, ausencia ou deficiencia de medios auxiliares, etc. É necesario preservar a seguridade e integridade física das persoas ás que se asiste, polo que é moi importante coñecer as técnicas de mobilización seguras para non causar lesións e correr riscos innecesarios.
Actividade formativa: F6. Formación no uso das novas tecnoloxías: firma electrónica e almacenamento de datos na nube.	
Xustificación	A innovación xera un cambio na cidadanía da Terra Chá e na diferenza de idade dos cidadáns, polo que o uso das TIC provoca unha mellora na calidade de vida e no acercamento entre idades.
Actividade formativa: F7. Formación en traballos en altura.	
Xustificación	A formación en traballos en altura capacita aos profesionais para desenvolver calquera traballo que deba realizarse en espazos elevados.
Actividade formativa: F8. Formación baixo estándar GWO.	
Xustificación	Con esta formación sobre enerxía eólica os profesionais coñecerán en profundidade todos os sistemas e a configuración dun parque eólico e aprenderá sobre a montaxe e o mantemento de aerogeneradores e parques eólicos.

O formato das distintas actividades formativas poderá ser presencial e/ou teleformación, adaptándose en todo caso á normativa vixente de cada actividade formativa.

A duración das actividades formativas adaptárase á normativa vixente para conseguir a acreditación pertinente. Intentarase que as actividades formativas sexan de curta duración.

Os requisitos do alumnados son os esixidos na normativa vixente de cada actividade formativa e, en todo caso, dirixida a alumnos en activo do ámbito territorial do GDR.

En canto ós requisitos do persoal formador estarase ó que indique a normativa vixente para a actividade formativa ou poderá facerse mediante a contratación dun centro acreditado de formación.

En función do avance das necesidades contemplarase a posibilidade de cambiar a modalidade das actividades, valorándose cal é a mellor alternativa posible.

I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades

Neste apartado recóllese o plan de cooperación e traballo en rede, especificándose as sinerxías identificadas con outros GDRs ou territorios, as futuras fórmulas de colaboración (mediante proxectos de cooperación ou outras formas de colaboración) e as accións concretas a desenvolver.

Os proxectos de cooperación entre os distintos GDRs responden a proxectos nos que se identifican obxectivos comúns entre os participantes e as mesmas necesidades coa finalidade de favorecer unha aprendizaxe mutua e buscar solucións comúns a problemas concretos. Neste senso, o GDR Terra Chá identifica os seguintes proxectos nos que poder cooperar.



Táboa 7. Plan de cooperación e traballo en rede

Actividade de cooperación: C1. Proxecto Rede Ecocomedores	
GDR ou entidades	GDR 1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 5 Miño-Ulla, GDR9 Monteval, GDR 10 A Limia Arnoia, GDR11 Adercou, GDR 13 Condado Paradanta, GDR14 EuRural. GDR 20 Ulla Tambre Mandeo, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas-Betanzos, GDR 24 Seitura 22.
Obxectivos da cooperación	Obxectivo 1: Acompañar á comunidade escolar e a outros centros residenciais durante o curso para revisar os menús de cada centro. Analizaranse as necesidades e cambios pertinentes para elaborar menús saudables, con produto local, de tempada e ecolóxico. Obxectivo 2: Facilitar o acceso aos produtos locais, mellorando a comercialización en circuítos curtos e o contacto entre as escolas e os agricultores/as que permita integrar ditas producións no menú. Ademais, diminuírase a pegada de carbono grazas ao aforro no transporte. Obxectivo 3: Divulgar e dar a coñecer o proxecto tanto ás familias e equipos xestores dos centros como á sociedade, así como promover o cambio de modelo de consumo e cambios normativos que o favorezan.
Forma de colaboración	Acompañar a aprendizaxe común no proceso de transición alimentaria. Aumentar a visibilidade da produción local de alimentos e o papel dos agricultores no rural. Aproveitar sinerxías e complementariedades entre as distintas producións dos territorios participantes. Facer visible a contribución que os alimentos poden facer para reducir o cambio climático e manter viva a cultura rural.
Accións concretas	Acción 1: Asesoramento nutricional aos centros adheridos. Acción 2: Accións de sensibilización, formación e talleres. Acción 3: Apoio na organización de xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico. Acción 4: Información e comunicación. Acción 5: Apoio ao sector produtor e mellora da loxística.



Actividade de cooperación: C2. Nó rural.	
GDR ou entidades	Seitura 22, Mariñas-Betanzos, Terra Chá, Limia-Arnoia e Eu-Rural.
Obxectivos da cooperación	Obxectivo 1: Explotar as oportunidades que se abren coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e as súas ferramentas. Obxectivo 2: Favorecer o relevo xeracional e a incorporación de novas persoas ó medio rural, especialmente no sector agrario.
Forma de colaboración	Recuperar as terras agrarias para uso agrícola, gandeiro e forestal. Apoiar á actividade agrícola e aos ingresos das explotacións agrarias familiares, así como as mulleres agricultoras. Fomentar a aplicación de prácticas agrícolas que contribúan ao mantemento dos ecosistemas e traten de loitar contra o cambio climático. Apoiar a incorporación de novos mozos.
Accións concretas	Acción 1: Actuacións de sensibilización para mozos sobre as oportunidades de emprego que se abren no medio rural e no sector agrario. Acción 2: Visitas a explotacións agrarias para analizar a súa viabilidade e posible sucesión. Acción 3: Apoio na posta en marcha de polígonos agroforestais, permutas e banco de explotacións.
Actividade de cooperación: C3. Interitmos Sons do Rural.	
GDR ou entidades	GDR 2 Terra Chá, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 5 Miño-Ulla, GDR 6 Ribeira Sacra Courel, GDR17 Salnés Ulla Umia; GDR 18 Deloa, Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte.
Obxectivos da cooperación	Obxectivo 1: Apoio ás capacidades de creación local no ámbito da música con base tradicional e de raíz, como eixo de desenvolvemento rural e de emprendemento emerxente. Obxectivo 2: Impulso da profesionalización e visibilización de grupos e solistas vinculados á música tradicional e ao territorio. Obxectivo 3: Facilitar espazos de intercambio entre músicos e profesionais da Industria Musical. Obxectivo 4: Conectar a música con base tradicional e de raíz con outros elementos do patrimonio cultural inmaterial galego.



Forma de colaboración	Interitmos busca promover a cultura como motor de desenvolvemento territorial, así como dar visibilidade e potenciar a profesionalización de grupos e bandas que apostan pola evolución da música tradicional e de raíz: - A música como medio de transformación social dende unha triple perspectiva: Educativa, artística e social - Innovación na industria musical - Recuperación do patrimonio musical dos territorios
Accións concretas	Acción 1: Posta en marcha dunha plataforma web de inscrición para grupos/solistas de toda Galicia a fin de que participen no Concurso INTERRITMOS SONS DO RURAL. Acción 2: Designación dun Xurado de profesionais recoñecidos da Industria Musical, que se encargará de elixir a dez grupos/solistas de entre todos os inscritos a través da plataforma Acción 3: Os dez grupos/solistas elixidos participarán nunha audición en vivo. A audición vaise complementar cunha xornada formativa en temáticas de interese musical e cultural. Nesta xornada elixiranse os grupos gañadores Acción 4: Os grupos gañadores participarán nun circuío musical nos territorios dos GDR participantes. Acción 1: Os circuítos musicais irán acompañados de xornadas formativas, coa finalidade de impulsar formación en emprendemento musical e cultural. Esta formación estará aberta ao público en xeral, pero priorizando aos inscritos na plataforma e incidindo especialmente en temas de interese para a música tradicional galega
Actividade de cooperación: C4. Tecendo cultura.	
GDR ou entidades	GDR2 Terra Chá, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 18 Deloa, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte.
Obxectivos da cooperación	Obxectivo 1: Reflexionar, dende os diferentes territorios, sobre o emprendemento en cultura/artes como eixo de desenvolvemento rural sustentable. Obxectivo 2: Dar a coñecer as tendencias e implicar aos emprendedores no tecido empresarial. Obxectivo3: Deslocalizar das áreas urbanas eventos relacionados coa arte e a cultura.

Forma de colaboración	Fomento do networking entre os socios do proxecto e entre os axentes dos diferentes sectores participantes. Fortalecer o coñecemento e o traballo en rede entre iniciativas emprendedoras dos territorios involucrados.
Accións concretas	Acción 1: Organización e desenvolvemento de eventos culturais en cada territorio. Acción 2: Divulgación e posta en común de experiencias de éxito vencelladas a emprendedores culturais. Acción 3: Materiais de difusión do proxecto.

Contemplantase a colaboración con outros proxectos de cooperación intraterritorial, interterritorial e transnacional que poidan xurdir e cos que se compartan intereses comúns.

Así mesmo contemplantase que no caso de continuidade dalgún proxecto valorar a posibilidade de seguir cooperando neses proxectos.

Por outra banda, o GDR Terra Chá está colaborando con outros GDRs de Galicia ós efectos de coordinar as súas Estratexias de Desenvolvemento Local.

Plantéxanse uns Grupos de Traballo entre os GDRs, nos que un deles é o coordinador. Estrutúranse en catro temáticas específicas, co obxectivo de abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDRs participantes. Deben ser unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados, axudando ós GDRs a consolidarse como axentes relevantes no territorio.

Os grupos de traballo teñen o obxectivo de articular proxectos con impacto no territorio e obter fondos para os territorios

A composición dos grupos de traballo é aberta, polo que ó longo das estratexias poderán incorporarse GDRs interesados nas súas temáticas. Pretendese que os grupos de traballo sexan dinámicos e operativos, para o que se redactará un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo mais axeitadas e xerar produtividade e se regulará a posible baixa dos GDRs que non participen activamente no grupo de traballo.

Unha vez se aproben as EDLP e baixo o regulamento interno que se defina, traballarase coa seguinte metodoloxía, tendo en conta que a metodoloxía de traballo será un proceso aberto e vivo, polo que ó longo da implementación das estratexias e en caso de detectarse a necesidade de crear outros grupos de traballo, os GDRs interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns. e que, se dentro dun grupo de traballo se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia ou eficiencia, poderase e deberase constituír tales subgrupos:

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos grupos de traballo e a obtención dos seus obxectivos.
2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborárase unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do grupo de traballo, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales das necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades. O punto de partida para este traballo pode ser o que manifestaron os diferentes GDR na reunión que se celebrou en Lalín o 6 de xuño do presente ano e que se reflicten neste documento ao final do mesmo.
3. Segundo a priorización de necesidades e pontencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos grupos de traballo.
4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes grupos de traballo que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

O GDR Terra Chá está a participar en dous grupos de traballo:

RELACIÓN DE INTERESES MANIFETADOS POLO GDR TERRA CHÁ NA REUNIÓN CELEBRADA O 6 DE XUÑO DO PRESENTE ANO EN LALIN.

- **GRUPO DE TRABAJO AUGA E ENERXÍA:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 10 Limia Arnoia.

Táboa 8. Temáticas prioritarias para os GDR coordinado polo GDR 10 Limia Arnoia

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS	AXENTES DE INTERESE
GDR 2 Terra Cha	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Comunidades enerxéticas locais.	Confederación hidrográfica. Axencia Europea do Medio Ambiente.
GDR3 Montes e Vales Orientais	Comunidades Enerxéticas Xestión de auga potable en rutas e camiños	FEGAMP Augas de Galicia
GDR 10 Limia Arnoia	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Xestión da auga en núcleos urbanos. Sensibilización e manexo da auga como limitante para o desenvolvemento.	GDR. Empresas Galegas de xestión da auga (Viaqua, Espina e Delfin, Hidrantia,...)
GDR13 Condado Paradata	Optimización do recurso para uso humano e de regadío	
GDR 15 Pontevedra-Morrazo	Descarbonización e cambio climático, servizos ecosistémicos do monte, comunidades enerxéticas e sensibilización ambiental/retos sectoriais	
GDR 16 Pontevedra Norte	Comunidade enerxéticas. Enerxías renovables.	DX Patrimonio Natural. SIAM.
GDR 19 Terras de Compostela	Descarbonización e cambio climático. Sensibilidade ambiental.	Augas de Galicia. Ministerio de Sanidade. Augas de consumo Humano
GDR 20 – Ulla Tambre Mandeo	Comunidade enerxéticas. Boas practicas. Economía Circular. Auga e contaminación.	DX de Gandeira. SINAC.
GDR 24 - Seitura	Comunidade enerxéticas. Mobilidade Rede traídas veciñais.	DX Desenvolvemento Rural

- **RECUPERACIÓN DE TERRAS AGRARIAS. FERRAMENTAS PARA A XESTIÓN DO TERRITORIO:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 13 Condado Paradanta.

Táboa 9. Temáticas prioritarias para os GDR coordinado polo GDR 13 Condado Paradanta

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 2 Terra Cha	Posta en marcha de instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria galega (LRTAG). Concretamente polígonos e permutas.
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Aplicación dos instrumentos da LRTAG a través do GDR.
GDR 4 Comarca de Lugo	As permutas como vía de recuperación da terra agraria.
GDR 5 Miño - Ulla	Posta en marcha de instrumentos da LRTAG co obxecto de aumentar a base territorial das explotacións de vacún e de viñedo.
GDR8 Sil-Bibei- Navea	
GDR 9 Monteval	Os instrumentos da LRTAG como ferramentas para a loita contra os incendios forestais. Asesoramento iniciativas privadas que poden xurdir no territorio Impulso aos polígonos agroforestais privados. Difusión e divulgación da lei entre a poboación local.
GDR 10 Limia Arnoia	Proxecto A TERRA. Intentando crear metodoloxía de traballo para a aplicación da LRTAG.
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Novas producións coas posibilidades que dá a LRTAG. Así como estudo de loita contra as pragas e enfermidades na vide.
GDR13 Condado-Paradanta	A LRTAG debe ser unha oportunidade para xerar novas actividades produtivas no sector primario e artellar fórmulas de convivencia entre estas e os residentes dos territorios favorecendo a transición ecolóxica dos territorios.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Aplicación dos instrumentos da LRTAG, facendo fincapé, na formación e asesoramento para promover os instrumentos de mobilización e recuperación, de iniciativa privada.
GDR 16 Pontevedra Norte	Desenvolver Banco de Explotacións.
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Formarse para interpretar a LRTAG e asesorar a iniciativas públicas e privadas.
GDR 21 - Asedecomor	As permutas e os polígonos agroforestais como vía de recuperación da terra agraria, fundamentalmente no sector forestal. Reorientar a produción gandeira e recuperación da produción de variedades tradicionais.
GDR 22 Costa da Morte	Accións formativas relacionadas coa interpretación da LRTAG. Posta en marcha de polígonos agroforestais e realización de permutas para dotar de base territorial ás empresas do sector. Recuperación de variedades tradicionais e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros e forestais.
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Aplicación dos instrumentos da LRTAG.

I.6. Planificación temporal

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.5 (táboas 4, 5, 6, 7, 8).

Táboa 10. Planificación temporal dos proxectos e actividades

Proxectos/ actividades	Semestres (*)													
	2023 I	2023 II	2024 I	2024 II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II
Proxectos e accións específicas con impacto significativo														
P1			X	X	X	X								
P2			X	X	X	X								
P3			X	X	X	X								
P4							X	X	X	X				
P5					X	X								
P6					X	X	X	X						
P7							X	X						
P8									X	X				
P9											X	X	X	X
P10							X	X	X	X				
P11							X	X						
P12			X	X										



	Semestres (*)													
Proxectos/ actividades	2023 I	2023 II	2024 I	2024 II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II
Actuacións propias de animación														
A1			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
A2							X	X						
A3											X	X		
A4													X	X
A5					X	X								
A6							X	X						
A7			X	X										
A8									X	X				
A9			X	X										
A10											X	X		
A11					X	X								
A12									X	X				



	Semestres (*)													
Proxectos/ actividades	2023 I	2023 II	2024 I	2024 II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II
Actividades formativas														
F1			X	X										
F2					X	X								
F3							X	X						
F4									X	X				
F5											X	X		
F6							X	X						
F7					X	X								
F8													X	X
	Semestres (*)													
Proxectos/ actividades	2023 I	2023 II	2024 I	2024 II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II
Actividades de cooperación														
C1			X	X	X	X								
C2			X	X	X	X								
C3							X	X	X	X				
C4							X	X	X	X				
GT AUGA E ENERXÍA	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
GT RECUPERACIÓN DE TERRAS AGRARIAS	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

L. Normas para a xestión da estratexia de desenvolvemento local: Plan de Xestión e criterios de selección.

L.1. Plan de Xestión

1. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos.

Estes requisitos teñen carácter obrigatorio, polo que o incumprimento dalgúns destes criterios será causa de denegación de axuda ó proxecto.

- O proxecto deberase acometer na zona de aplicación da Medida Leader 2023 - 2027 (Comarca de Terra Chá): Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza (A), Riotorto, Vilalba e Xermade.
- Os beneficiarios deben estar ó corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- Os proxectos non poden estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda.
- O promotor non debe estar incurso en ningún dos supostos previstos nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en particular, non ter sido condenado mediante sentenza firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas
- Respectar a normativa sectorial que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto e as bases reguladoras das subvencións que se diten o efecto
- Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos . Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva e técnica e financeiramente para os non produtivos.
- Cumprir o requisito de pequena empresa segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014 (<50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros). No seu caso, a cualificación de pequena empresa tomará en consideración os datos de empresas asociadas e vinculadas



para o cálculo de efectivos e importes financeiros, nos termos previstos no artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, así como para as entidades beneficiarias das axudas a proxectos non produtivos (entidades sen ánimo de lucro e comunidades de montes veciñais en man común o as súas mancomunidades).

2. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos produtivos.

- Coa excepción das entidades públicas de carácter local que poidan ser beneficiarios dun proxecto de natureza produtiva, os beneficiarios dos proxectos produtivos limitaranse ás pequenas empresas, segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014
- O mantemento ou consolidación de emprego é obrigatorio nos proxectos produtivos do Leader Galicia 2023 – 2027. A creación de novas empresas como mínimo require a creación de 0,25 UTAS. Excepcionalmente a implantación de servizos ou comercio polo miúdo xa existentes nas parroquias ou nas entidades singulares de Vilalba, Guitiriz, Castro Riberas de Lea e Feira do Monte require a creación de 1 UTA.
- Entenderase por creación de empresa, a posta en marcha dunha nova empresa ou, no caso de que a empresa xa tivese actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que viñese desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude de axuda. Considérase que a actividade é distintacando a división do Código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinta á división do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivese a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda.
- Para comprobar a existencia ou non dun servizo ou comercio polo miúdo será necesario un certificado ou informe emitido por unha Administración Pública (AEAT, Concello,...) no que se acredite en base ó IAE a existencia ou non de dito servizo ou comercio polo miúdo no núcleo onde se pretende facer a inversión. (O núcleo considerase a parroquia; Considerase o mesmo núcleo as entidades singulares de Vilalba, Guitiriz e Castro Ribeiras de Lea e Feira do Monte)

- Non serán subvencionables os proxectos que se encadren nos epígrafes do IAE seguintes:

969.2 CASINOS DE JUEGO

969.3 JUEGOS DE BINGO

969.4 MAQUINAS RECREATIVAS Y DE AZAR

3. Proxectos produtivos modalidade Bono Activa Rural.

- As persoas físicas que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual na que polo menos creen o seu posto de traballo (sempre e cando non estivesen dadas de alta no réxime de autónomos na mesma actividade para a que se solicita a axuda nos últimos tres anos) e que opten por esta modalidade de axuda na correspondente solicitude de axuda poderá solicitar o Bono Activa rural.
- O Bono Activa rural configúrase como unha subvención que se basea nun importe de axuda a prezo alzado destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais.
- A axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se vincula ó mantemento da actividade e ó cumprimento do plan empresarial presentado pola persoa seleccionada durante un determinado período de tempo. Este plan debe de mostrar a viabilidade económica e técnica de empresa.
- Os proxectos que se beneficien desta modalidade de axuda concorrerán cos demais proxectos de natureza produtiva que se presenten ó amparo das diferentes convocatorias.
- A obtención desta axuda conlevará a obriga de manter a actividade durante polo menos 5 anos, a contar dende a data de alta censual.
- A eficacia desta modalidade de axuda (bono activa rural) está condicionada á aprobación da correspondente modificación do Plan estratéxico da PAC que permita para o Leader de Galicia correspondente ó período 2023-2027 a aplicación desta forma de axuda.
- Para optar ó Bono Activa rural esixírase empadramento dos últimos 3 anos no concello no que se vaia a dar de alta a actividade.
- A axuda de Bono Activa rural irá aparellada a un investimento de 30.000 euros.



4. Proxectos non produtivos.

- Unicamente poderán ser beneficiarias desta tipoloxía de proxectos as entidades sen ánimo de lucro, as entidades públicas locais e as comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades.
- A subvencionabilidade dos proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural dependerá de que o departamento da Xunta competente na materia acredite o interese da proposta.
- Serán subvencionables os investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.

Para os proxectos non produtivos aplicaranse as seguintes categorías de priorización dos proxectos:

1. Proxectos Non Produtivos de Prioridade Alta. Intensidade de axuda máxima ata o 90%.
 - Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores, a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas, a atención á infancia e discapacitados (xeriatricos, garderías, apartamentos tutelados, aloxamentos para maiores, centros de día, centros de atención a colectivos desfavorecidos e/ou discapacitados, vivendas de alugueiro social ...) os investimentos ligados a aldeas intelixentes (Smart villages), así como os proxectos que se executen en aldeas modelo ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia
 - Proxectos que promovan a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a poboación en xeral, uso del “internet de las cosas” e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas).



- Proxectos de actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construción de interese arquitectónico, catalogación do patrimonio como mámoas, medorras, castros..., conxuntos etnográficos, mazos, muíños, fontes, cruceiros, cristos ...
- Creación, ampliación e rehabilitación de edificios destinados a locais sociais.
- Adquisición de equipamento destinado a locais sociais.
- Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio, áreas de autocaravanas, sendas peonís e cicloturistas, mobiliario urbano e xogos infantís.
- Instalacións deportivas
- Proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC, e economía circular, así como actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER.

2. Proxectos Non Produtivos de Prioridade Media. Intensidade de axuda máxima ata o 70%.

- Centros de promoción de recursos e puntos de información turística
- Proxectos e plans de ordenación dos montes promovidos por comunidades de montes.
- Creación, reforma e ampliacións de instalacións para feiras locais.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web
- Instalacións hípicas e cinexéticas
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

3. Proxectos Non Produtivos de Prioridade Baixa. Intensidade de axuda máxima ate o 50%.

- Outros non incluídos nos epígrafes anteriores.

5. Regras básicas.

Os proxectos candidatos a recibir axudas a través do GDR, serán valorados dentro do seguinte esquema:

Táboa 11. Proxectos candidatos a recibir axudas a través do GDR

	Nota de Corte	% Axuda	Nota Máxima	% Axuda
Proxecto Produtivo	20	35%	70	50% (*)
Proxecto Non Produtivo Prioridade Alta	20	75%	70	90%
Proxecto Non Produtivo Prioridade Media	20	55%	70	70%
Proxecto Non Produtivo Intensidade Baixa	20	35%	70	50%

(*) A intensidade máxima de axuda para proxectos produtivos en investimentos elixibles en transformación e comercialización de produtos forestais é do 40%.

- As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais.

Táboa 12. Axuda Bono Activa Rural

	Nota de Corte	Axuda
Bono Activa Rural	20	5.000 euros

- O Importe de axuda de Bono Activa Rural é de 5.000 euros.
- O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a 150.000 €. Por outra parte os proxectos que se amparen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado ás axudas de *minimis*, limitaranse a un máximo de 200.000 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.
- Os proxectos de natureza non produtiva públicos estarán limitados a unha axuda máxima de 50.000 € por proxecto.
- Os proxectos de natureza non produtiva privados estarán limitados a unha axuda máxima de 25.000 € por proxecto.
- Os proxectos da modalidade Bono Activa Rural estarán limitados a unha axuda de 5.000 € por proxecto.

6. Selección de proxectos

Os proxectos que contén coa verificación favorable do ICE poderán financiarse ata o límite de crédito dispoñible en cada anualidade no cadro financeiro do GDR para cada tipoloxía de proxectos.

Terase en conta para priorizar os proxectos o seguinte:

6.1 PROXECTOS PRODUCTIVOS (INCLUIDO BONO ACTIVA RURAL)

- A. Ordenaranse de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente ó ICE verificado por AGADER e seleccionaranse por orde de maior a menor puntuación ata o límite de fondos dispoñibles.
- B. En caso de empate da puntuación terase en conta a orde de entrada (o que primeiro entre na sede do GDR terá prioridade).

a. PROXECTOS NON PRODUCTIVOS.

- A. Cada proxecto NON Produtivo encadrarase nunha destas tres prioridades Alta, Media e Baixa.



B. Dentro de cada prioridade ordenaranse os proxectos de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente ó ICE verificado por AGADER. En caso de empate da puntuación terase en conta a orde de entrada (o que primeiro entre na sede do GDR terá prioridade).

C. Seleccionaranse do seguinte xeito:

- a. Primeiro serán elixidos os proxectos de prioridade alta e dentro destes irán escolléndose de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente ó ICE verificado por AGADER e, no seu caso, a orde de entrada ata o límite dos fondos asignados a esta medida.
- b. Segundo, no caso de que queden fondos dispoñibles, serán elixidos os proxectos de prioridade media e dentro destes irán escolléndose de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente ó ICE verificado por AGADER e, no seu caso, a orde de entrada ata o límite dos fondos asignados a esta medida.
- c. Terceiro, no caso de que queden fondos dispoñibles, serán elixidos os proxectos de prioridade baixa e dentro destes irán escolléndose de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente ó ICE verificado por AGADER e, no seu caso, a orde de entrada ata o límite dos fondos asignados a esta medida.

7. Límites especiais.

7.1. Quedan excluídos aqueles investimentos promovidos polas entidades públicas locais relacionados coa prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como os servizos esenciais para os que o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

7.2. Os proxectos de sinalización territorial quedan excluídos.

7.3. Para os investimentos en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalaría rexerá o convenio de colaboración que se asine entre a Axencia Galega de Desenvolvemento

Rural e a Axencia de Turismo de Galicia.

7.4. Para os investimentos no sector das enerxías renovables queda excluído de financiamento a través do programa Leader calquera tipo de investimento en enerxías renovables cuxo destino ou finalidade principal sexa a venda á rede.

7.5. Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.

7.6. Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto .

7.7. Os investimentos relacionados con instalacións ou centros que presten o servizo de calquera ensino que teña carácter regrado quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.

7.8. Serán subvencionables no sector da produción agraria primaria:

- As actuacións de mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias ata un máximo de 10.000 € de axuda (restauración de sebes, bosquetes, humedais, etc.)
- Pequenos proxectos, ata un máximo de 30.000 € de investimento total elixible, que supoñan o inicio ou implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constitúa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto
- En función dos requisitos e condicións que se establezan nas bases reguladoras, pequenos proxectos, ata un máximo de 40.000 € de investimento total elixible, sempre que non sexan susceptibles de ser subvencionados pola Con sellería do Medio Rural a través doutras intervencións de desenvolvemento rural incluídasno Plan estratéxico nacional.
- Os investimentos que estean vinculados a procedementos ou instrumentos de mobilización ou recuperación de terras reguladosna normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, polígonos agroforestais, permutas de especial interese agrario ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria.

7.9. Unicamente se apoiarán a través do Leader pequenos investimentos, tendentes á creación e/ou modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios consistentes en investimentos tanxibles e intanxibles de pequena dimensión (ata o máximo do orzamento total subvencionable

de 60.000,00 euros), destinados a mellorar a competitividade e/ou a sustentabilidade ambiental das pequenas agroindustrias do rural galego. No suposto de que o departamento da Xunta de Galicia que teña a competencia específica na intervención referida á xestión das axudas correspondentes a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios estableza nas súas liñas de axuda un importe mínimo elixible para os proxectos obxecto das súas axudas superior aos citados 60.000 euros, o GDR seleccionará proxectos cuxo investimento elixible non supere ese novo importe.

7.10. Nos investimentos en centros sociais a cuantía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50.000 € por proxecto.

7.11. Os centros sociais identificados que necesitan unha reforma ou ampliación, equipamento ou creación son os seguintes:

Táboa 13. Centros sociais que requiren melloras

Concello	Parroquia	Necesidade	Propiedade
Abadín	Baroncelle	Reforma, ampliación e equipamento.	Privada
Abadín	Seivane de Vilarente	Reforma, ampliación e equipamento.	Público
Abadín	Moncelos (Moar)	Reforma, ampliación e equipamento.	Público
A Pastoriza	Cadavedo	Creación, reforma, ampliación e equipamento	Público
A Pastoriza	Vián	Creación, reforma, ampliación e equipamento	Público
A Pastoriza	Alvare	Creación, reforma, ampliación e equipamento	Público
A Pastoriza	Baltar	Reforma, ampliación e equipamento	Privado
Begonte	Santalla de Pena	Construcción, rehabilitación e equipamento	Pública
Begonte	Carral	Construcción, rehabilitación e equipamento	Pública
Begonte	Illán	Construcción, rehabilitación e equipamento	Pública
Begonte	San Esteban de Uriz	Construcción, rehabilitación e equipamento	Pública
Castro de Rei	Azúmara	Rehabilitación e equipamento da antiga escola unitaria para destinala a centro social	Pública



Castro de Rei	Riberas de Lea	Construcción de local social e equipamento para veciños da parroquia de Riberas de Lea	Pública
Cospeito	Feira do Monte	Reforma, ampliación e equipamento Centro sociocultural “Casa da Cultura”	Pública
Cospeito	Feira do Monte	Reforma, ampliación e equipamento Centro sociocultural “Cámara agraria”	Pública
Cospeito	Feira do Monte	Reforma, ampliación e equipamento “Casa das Mulleres Rurais”	Pública
Guitiriz	O Buriz	Rehabilitación, ampliación, reforma e equipamento da Escola da Ventisca	Pública
Guitiriz	Santa Locadia	Rehabilitación, ampliación, reforma e equipamento da Escola de Santa Locadia – Lugar da Raposeira	Pública
Guitiriz	Parga	Rehabilitación, ampliación, reforma e equipamento da Escola das Nenas	Pública
Muras	San Pedro de Muras	Creación, ampliación, reforma e equipamento do Centro social da Xestosa	Pública
Riotorto	Ferreiravella	Reforma, ampliación e equipamento	Pública
Riotorto	Orrea	Reforma, ampliación e equipamento	Pública
Riotorto	Aldurfe	Reforma, ampliación e equipamento	Pública
Vilalba	Polg. Ind Sete Pontes de Vilalba	Reforma e ampliación de sede del Comité Local de la Cruz Roja en Vilalba	Privado
Vilalba	Insua	Reforma, ampliación e equipamento	Pública
Vilalba	San Simón da Costa (A Pedragosa)	Reforma, ampliación e equipamento	Pública
Vilalba	San Simón da Costa (Escola Habanera)	Reforma, ampliación e equipamento	Privada
Vilalba	A Torre	Reforma, ampliación e equipamento	Pública
Vilalba	Codesido	Reforma, ampliación e equipamento	Pública
Xermade	Piñeiro	Rehabilitación e equipamento da Escola de Ladrela	Pública



8. Mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia e procedementos de toma de decisións e de evitación dos conflitos de intereses

8.1. A boa execución do programa débese garantir, entre outros, cos seguintes principios: Obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia.

- A. Principio de obxectividade ou autolimitación da discrecionalidade garantirase mediante a aplicación ós proxectos das normas da Asociación para a xestión do programa, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos previamente establecidos e feitos públicos, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto. Os proxectos tramitaranse mediante unha correcta orde de entrada e seleccionaranse aplicando os criterios establecidos nos baremos.
- B. Principio de publicidade tanto das convocatorias e regras para a selección dos proxectos así como para as contratacións que deba facer a Asociación. Garantírase por unha banda mediante a publicación na páxina web da Asociación de todo o relativo da medida LEADER 2023 -2027 e por outra banda mediante a publicación de anuncios de difusión nos diarios de mais tirada na Comarca e no taboleiro de anuncios onde teña a sede o GDR. Así mesmo a publicidade das convocatorias realizarase tamén nas redes sociais do GDR.
- C. Principio de imparcialidade, afecta tanto os membros do equipo xestor que avalíe o proxecto como os membros dos órganos de decisión da Asociación. Para cumprir este principio está previsto no artigo 26 dos estatutos da Asociación o seguinte procedemento para evitar o conflito de intereses:

“A Asociación a efectos de evitar conflitos de interese nos membros dos órganos de avaliación e decisión establece o seguinte procedemento:

- 1. Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinale que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.*
- 2. Se un membro do comité de avaliación ou decisión da Asociación ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente.*



Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.

3. *Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.*
4. *Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, a Asociación deberá remitir o asunto á AGADER ou calquera órgano similar para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.”*

D. Libre concorrência. Sen máis limitacións que as que se deriven da propia convocatoria garantirase a libre concorrência facendo a convocatoria de forma libre e transparente

8.2 Procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR:

– Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.

– Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.

– Se un membro do comité de avaliación ou decisión está na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.

– Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, o GDR deberá remitir o asunto á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

L.2. Criterios de selección de proxectos

A.- BAREMO PARA PROXECTOS PRODUCTIVOS.

Táboa 14. Puntuación para os criterios de selección de proxectos produtivos

TABLA DE PUNTUACIÓN PARA OS CRITERIOS DE SELECCIÓN VALORABLES DE PROXECTOS PRODUCTIVOS LEADER TERRA CHÁ	
	P.MAX
1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.	40
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	10
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
1.4.- Outros criterios xeográficos.	5
2.- CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR.	10
3.- CRITERIOS DE INCIDENCIA NO EMPREGO	30
3.1.- Incidencia na creación de emprego.	10
3.2.- Incidencia do investimento na creación do emprego.	10
3.3.- Incidencia en determinados colectivos.	10
4.- CRITERIOS RELATIVOS Á DETERMINADAS CERTIFICACIÓNS (Medio Ambiente, Calidade, Xénero e Responsabilidade Social).	5
5.- PROXECTOS QUE SE DESENVOLVAN EN DETERMINADOS ÁMBITOS	10
6.- EN FUNCIÓN DA TIPOLOXÍA DO PROXECTO	5
TOTAL	100

1. Para que un proxecto poida ser subvencionado ten que ter unha puntuación mínima de 20 puntos sendo esta a nota de corte. A porcentaxe que lle corresponderá de subvención será dun 35%.

2. A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos produtivos será dun 50% (40% para os investimentos elixibles en transformación e comercialización de produtos forestais) para unha puntuación de 70 puntos. Sendo o importe máximo subvencionable 150.000 €

3. As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais.

1.- CRITERIOS RELATIVOS Á SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

Este criterio valorarase en función da Renda Dispoñible Bruta por Habitante (RDBH) do ano 2016 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOXIA DA VALORACIÓN:

Táboa 15. Metodoloxía da valoración

Características económicas do concello	Puntuación Máxima
Concellos cun RDBH inferior ou igual ó 85% da media galega (Begonte, Castro de Rei e Muras)	10
Concellos cun RDBH maior de 85% e menor ou igual ó 90% (Cospeito, Guitiriz e A Pastoriza)	8
Concellos cun RDBH maior de 90% e menor ou igual ó 95% (Abadín e Riotorto)	6
Concellos cun RDBH maior de 95% e menor ou igual ó 100 % (Vilalba)	4
Concellos cun RDBH maior de 100% e menor ou igual ó 105% (Xermade)	2
Concellos cun RDBH maior do 105% da media galega	0

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

Este criterio valorarase en función das características demográficas dos concellos entre os anos 2015 e 2022 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 15 puntos



METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Táboa 16. Metodoloxía da valoración

Características demográficas do concello	Puntuación Máxima
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 13% (Abadín)	15
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 10% e menor do 13% (Cospeito, Muras, A Pastoriza, Riotorto e Xermade)	12
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 7% e menor do 10% (Begonte)	9
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 4 % e menor do 7% (Vilalba)	6
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 0 % e menor do 4% (Castro de Rei e Guitiriz)	3
Concellos que incrementan poboación	0

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Este criterio prioriza os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do INE de 2021. (Por núcleos de poboación enténdense que son as parroquias.)(Ver documento adxunto de poboación por parroquia).

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

PUNTUACIÓN MINIMA: 0 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Táboa 17. Metodoloxía da valoración

Características demográficas do concello	Puntuación Máxima
Núcleos de poboación de menos de 500 habitantes	10
Núcleos de poboación igual o maior de 500 e menor a 1.000 habitantes	9
Núcleos de poboación igual o maior de 1.000 e menor a 1.500 habitantes	8
Núcleos de poboación igual o maior de 1.500 e menor a 2.000 habitantes	7
Núcleos de poboación igual o maior de 2.000 e menor a 2.500 habitantes	5
Núcleos de poboación igual o maior de 2.500 habitantes	3

Nota: No caso de que o proxecto este localizado nas seguintes entidades singulares só se terá en conta esta puntuación:

Entidade singular de Vilalba: 3 puntos.

Entidade singular de Guitiriz: 5 puntos.

Entidade singular de Castro Riberas de Lea: 8,5 puntos

Entidade singular de Feira do Monte: 10

A efectos deste baremo entendese por entidade singular a malla urbana do núcleo. No seu caso, poderase acreditar, a ubicación dun proxecto na malla urbana ou non, cun informe ou certificado emitido polo concello.

1.4.- Outros criterios xeográficos.

Valorarase a implantación en zonas de montaña (segundo a definición que resulta do PDR de Galicia 2014 -2020), así como os proxectos que se executen en aldeas modelo ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia (segundo Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia), e en polígonos industriais. A puntuación non é acumulativa e só se poderá escoller unha valoración, é dicir, se un proxecto se implanta en zona de montaña e nun polígono industrial so se valorará unha puntuación.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Táboa 18. Metodoloxía da valoración

Aspecto	Puntuación Máxima
Proxectos que se desenvolvan en zonas de Montaña. (Abadín, Guitiriz, Muras, Riotorto e Xermade.)	5
Proxectos que se desenvolvan en Aldeas modelo ou en instrumentos de recuperación de terra agraria (Lei 11/2021 de recuperación de terra agraria de Galicia).	5
Implantación nun polígono industrial	5

2.-CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR

Tipoloxía do promotor

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Táboa 19. Metodoloxía da valoración

Tipoloxía do promotor	Puntuación Máxima
Homes menores de 41 anos ou maiores de 55 anos	9
Homes $\geq$ a 41 anos e $\leq$ 55 anos	8
Mulleres menores de 41 anos ou maiores de 55 anos	10
Mulleres $\geq$ de 41 anos e $\leq$ 55 anos	9
Persoas con discapacidade $\geq$ ó 33%	10
Persoas xurídicas ou calquera outra entidade nas que máis do 50% do capital social pertenza a mulleres e/ou menores de 41 anos e/ou persoas con discapacidade $\geq$ ó 33%	10
Cooperativas, Sociedades Limitadas Laborais, SAT, fundacións, asociacións e entidades semellantes sen ánimo de lucro.	8
Sociedades anónimas e sociedades limitadas	7
Outras tipoloxías	5

3.-CRITERIOS RELATIVOS Á INCIDENCIA DO EMPREGO.

Ós efectos da incidencia do emprego, e nos termos previstos no anexo I do Regulamento 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, unha UTA equivale ó traballo dunha persoa na empresa en cuestión ou por conta de dita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional computarase como fraccións de UTA.

Os proxectos que opten a Bono Activa Rural, non puntúa neste apartado (Criterios relativos á incidencia de emprego).

3.1 Incidencia na creación do emprego.

Terase en conta a creación de emprego neto. Establécense os seguintes tramos, tendo como referencia unha persoa a tempo completo en computo anual (unha UTA).

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos.

Táboa 20. Creación emprego neto

Creación emprego neto	Puntuación.
≥ 3 persoas	10
≥ 2 persoas e < 3 persoas	5
≥ 1 persoas e < 2 persoas	2
$\geq 0,25$ persoas e < 1 persoas	1
$< 0,25$ persoas	0

3.2.- Incidencia do investimento na creación de emprego.

Valorarase a creación de emprego tendo en conta o número UTAs creadas e a inversión efectuada a través dunha fórmula que se describe no apartado de metodoloxía de valoración. Os postos de traballo de carácter eventual e fixos, han de manterse ó menos cinco anos dende a data de resolución de pagamento.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A formula de obtención do valor que posteriormente se barema, é a seguinte:

Valor= (Inversión admitida/ UTAS creadas)/ 100.000.



Táboa 21. Metodoloxía da valoración

Valor	Puntuación
$\leq 0,25$	10
$>0,25$ e ≤ 1	7
>1 e ≤ 2	5
> 2 e $\leq 2,5$	4
$> 2,5$ e ≤ 5	2
>5 e $\leq 7,5$	1
$> 7,5$	0

3.3.- Contribución a crear emprego a determinados colectivos.

Valorarase a creación do emprego en algún ou algúns dos seguintes colectivos desfavorecidos: mozos menores de 41 anos, mulleres, persoas maiores de 55 anos, persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%. A máxima puntuación por colectivo e UTA será de 5 puntos. As fraccións de UTA computaran proporcionalmente. A puntuación é acumulable por colectivo desfavorecido ata unha puntuación máxima de 10 puntos.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos.

METODOLOXIA DA VALORACIÓN:

Táboa 22. Metodoloxía da valoración

ASPECTO	PUNTUACIÓN
Mozos menores de 41 anos.	5
Mulleres.	5
Persoas maiores de 55 anos.	5
Persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%	5

4.- CRITERIOS RELATIVOS A DETERMINADAS CERTIFICACIÓNS (Medioambiente, calidade, xénero e responsabilidade social).

Dispoñer dalgunha das seguintes certificacións expedidas por unha entidade acreditada na ENAC e/ou dispoñer da Marca galega de excelencia en igualdade (art. 28 do Decreto 33/2009, de 231 de xaneiro; DOG. Núm 35, de 19 de febreiro.

A puntuación máxima é de 5 puntos.

PUNTUACION MAXIMA: 5 puntos

Táboa 23. Puntuacións obtidas

Aspecto	Puntuación
Certificación en sistemas de xestión de calidade	5
Certificación en sistemas de xestión ambiental	5
Certificación en xestión da responsabilidade social	5
Marca galega de excelencia en igualdade	5

5.- PROXECTOS QUE SE DESENVOLVAN EN DETERMINADOS ÁMBITOS.

Proxectos que se desenvolvan nalgún dos seguintes ámbitos:

Táboa 24. Proxectos desenvolvidos nos diferentes ámbitos

Aspecto	Puntuación
Diversificación económica cara a actividades non agrarias en explotacións agrarias	5
Artesanía (carta de artesán)	5
Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos estea ou non incluído no anexo I do TFUE	5
Turismo activo	5

Servicios sociais e atención a infancia	5
Proxectos de bioeconomía circular baseados na eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos	5
Proxectos nos que se utilicen enerxías renovables	5
Proxectos que utilicen provedores locais: Proxectos que no investimento aceptado participen empresas provedoras do territorio do GDR Terra Chá nunha porcentaxe maior ou igual ó 25% dos custos elixibles totais.	5
Rehabilitación de edificacións tradicionais (1)	5
Se a entidade promotora non ten recibido ningunha axuda no Leader 2023-2027 do territorio do GDR2 Terra Chá.	5

As puntuacións son acumulables. A puntuación máxima deste apartado son 10 puntos

O Bono Activa Rural non puntúa neste apartado

- (1) Considéranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da lei 19/1975 de 2 de maio, de reforma de la Ley sobre el Régimen del suelo y la ordenación urbana (25/05/1975)

6. EN FUNCIÓN DA TIPOLOXÍA DO PROXECTO

Valoraranse os proxectos de creación ou ampliación e modernización de actividade xa existente. A puntuación máxima deste aspecto son 5 puntos.

Táboa 25. Puntuación en función da tipoloxía do proxecto

Aspecto	Puntuación
Creación dunha empresa ou actividade (*)	5
Ampliación ou modernización de actividade existente.	3,5
Índice Corrector de creación comercio polo miúdo e/ou servizo existente na parroquia. (Nos cascos urbanos de Vilalba, Guitiriz, Castro Riberas de Lea e Feira do Monte, e a efectos de comprobar a existencia ou non do comercio ou servizo, tomarase como referencia a delimitación de entidade singular de poboación e non a parroquia).	-5

(*) Entendese por creación a posta en marcha dunha nova empresa ou, en caso de que a empresa xa tivera actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que houbera tido desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude e de axuda. Considerarase que a actividade é distinta cando a división do CNAE correspondente a nova actividade sexa distinta á división do CNAE correspondente á actividade que tivera a empresa con carácter previo a data de solicitude

B.- BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUCTIVOS.

Táboa 26. Puntuación para os proxectos non produtivos

TABLA DE PUNTUACIÓN PARA OS CRITERIOS DE SELECCIÓN VALORABLES DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS LEADER TERRA CHÁ	
	P.MAX
1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA.	40
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
2.- CRITERIOS DE IMPACTO SOBRE O TERRITORIO.	30
2.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.	10
2.2.- Capacidade de arrastre do proxecto.	10
2.3.- Incidencia sobre colectivos determinados	10
3.- INCIDENCIA AMBIENTAL DO PROXECTO	10
3.1.- Incidencia ambiental.	10
4.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR	16
4.1.- Características do promotor.	12
4.2.- Peso dentro das persoas ou entidades que promovan o proxecto de determinados colectivos	4
5.- POSTA EN VALOR DOS RECURSOS LOCAIS	4
5.1.- Posta en valor dos recursos locais.	4
TOTAL	100

1.- CRITERIOS RELATIVOS Á SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda Dispoñible dos Fogares (RDBH) do ano 2016 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 15 puntos

METODOLOXIA DA VALORACIÓN:

Táboa 27. Puntuación en función das características económicas do concello

Características económicas do concello	Puntuación Máxima
Concellos cun RDBH inferior ou igual ó 85% da media galega (Begonte, Castro de Rei e Muras)	15
Concellos cun RDBH maior de 85% e menor ou igual ó 90% (Cospeito, Guitiriz e A Pastoriza)	12
Concellos cun RDBH maior de 90% e menor ou igual ó 95% (Abadín e Riotorto)	9
Concellos cun RDBH maior de 95% e menor ou igual ó 100 % (Vilalba)	6
Concellos cun RDBH maior de 100% e menor ou igual ó 105% (Xermade)	3
Concellos cun RDBH maior do 105% da media galega	0

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

Este criterio valorarase en función das características demográficas dos concellos entre os anos 2015 e 2022 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 15 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Táboa 28. Metodoloxía da valoración

Características demográficas do concello	Puntuación Máxima
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 13% (Abadín)	15
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 10% e menor do 13% (Cospeito, Muras, A Pastoriza, Riotorto e Xermade)	12
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 7% e menor do 10% (Begonte)	9
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 4 % e menor do 7% (Vilalba)	6
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 0 % e menor do 4% (Castro de Rei e Guitiriz)	3
Concellos que incrementan poboación	0

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Este criterio prioriza os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2021. (Por núcleos de poboación enténdense que son as parroquias.)

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Táboa 29. Metodoloxía da valoración

Características demográficas do concello	Puntuación Máxima
Parroquias de menos de 500 habitantes	10
